

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de OUTUBRO de 2017**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de outubro de 2017, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior número 10/17, do 29 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, desde o día 26 de setembro de 2017 ata o día 23 de outubro de 2017.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Aprobación do convenio coa Asociación Socio-Cultural Correlingua para financiar o Correlingua 2017 co lema “En galego sen cancelas”.

4.-Aprobación do convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o “Tíralle da lingua” 2016-2017.

5.-Aprobación do convenio coa Fundación Carlos Casares para financiar a exposición “Os Mundos de Carlos Casares” en catro concellos da provincia.

Comisión de Deportes e Mocidade

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2016.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A.L.A.S. Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) para financiar o Proxecto de artes escénicas “Colon Queer” ano 2017.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos para financiar o proxecto “Emprende na Biosfera”.

9.-Aprobación do convenio coa Fundación Universidade da Coruña para financiar o proxecto “Máster en produción e Xestión Audiovisual”

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

10.-Aprobación inicial do expediente de deslinde do Viveiro Forestal de Sobrado, en Sobrado (A Coruña).

11.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela xunto cos ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos/as das actividades formativas, que imparte ou nas que colabora, a Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, nos concellos da provincia da Coruña e adquisición do material necesario para a súa execución. Ano 2017.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

12.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 30039/2017 do 28 de setembro relativa ao proxecto modificado promovido polo Concello de Narón consistente na mellora da eficiencia enerxética no complexo deportivo da Gándara incluído na 2ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

13.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Dotación de saneamento público no lugar de Cerqueiras en Rianxo”, promovido polo Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

14.-Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente 2016 para incluír a posibilidade dun Plan complementario.

15.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2017. IV Fase:

-DP 7702 Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 7702 Santa Catalina a Esmorode PQ 0+000 a 2+100 (Santa Comba)

16.-Aprobación do Plan de investimento en vías provinciais 2017. VII Fase: -DP 8203 Mellora da seguridade viaria na DP 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía PQ 8+015 a 10+090 (Santiago de Compostela); DP 1302 Mellora da seguridade viaria na estrada DP 1302 entre o PQ 0+000 e o PQ 0+420 (Negreira); DP 7305 mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 7305 de Ribeira a Aguiño por Carreira PQ 3+470 a PQ 4+270 (Ribeira).

17.-Toma de coñecemento e ratificación por parte da Comisión Informativa de Infraestruturas, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente da Resolución da Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aproba solicitar financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 6 de xuño do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa operativo de crecemento sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos para o financiamento das obras de “Rexeneración integral de infraestruturas urbanas e pavimentación no núcleo rural de Lago”.

19.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparacións e mellora da Casa da Cultura de Bertamiráns” do Concello de Ames, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0212.0).

20.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparacións, accesibilidade e peches piscinas Milladoiro”, do Concello de Ames, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0213.0).

21.-Aprobación do convenio co Concello de Laxe para o financiamento do “Proxecto turístico Reláxese 2017”.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento da “II Edición Fairway-Fórum Camiño de Santiago”.

23.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Asociación O Camiño dos Faros para o financiamento do “Plan de actuacións necesarias para a homologación como sendeiro de gran recorrido do camiños dos faros”.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

24.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2017.

25.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/09/2017 e proxección a 31/12/2017.

26.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2017 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

27.-Corrección de erro material no artigo 3.A.1. detectado na Ordenanza Nº 16 de prezos públicos aplicables ás actividades culturais, teatrais e escénicas que se han desenvolver no Teatro Colón da Deputación da Coruña.

28.-Aprobación da ampliación da delegación de competencias en materia tributaria do Concello de Teo.

29.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos núm. 5/2017.

Actas

30.-Proposición da Presidencia sobre renuncia de don Gumersindo Galego Feal á súa condición de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre a incoación dun expediente sancionador á emisora CUAC FM.

-Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña, en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia

-Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta para o impulso dun acordo nacional para o monte galego.

-Moción dos Grupos provinciais de Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE para que se adopten medidas co fin de evitar unha nova vaga de incendios forestais.

-Moción do Grupo provincial Socialista sobre renuncia de deputado provincial.

ROGOS E PREGUNTAS

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsase a Sra. Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e trece minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚMERO 10/17, DO 29 DE SETEMBRO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 10/17, do 29 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DESDE O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2017 ATA O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2017.

O Pleno toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, desde o día 26 de setembro de 2017 ata o día 23 de outubro de 2017.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2017 CO LEMA “EN GALEGO SEN CANCELAS”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de outubro de 2017.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio coa Asociación Socio Cultural-Correlingua, CIF G70325683 para financiar o *Correlingua 2017 "En galego sen cancelas"* cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de **20.000 €** que representa unha porcentaxe do 80 % do total do gasto previsto que é de 25.000,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A A.C. CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2017 CO LEMA "EN GALEGO SEN CANCELAS"

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D^a Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez, presidente de Asociación Socio-Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Cultural Correlingua con CIF G70325683 organiza desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por todo o país. Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Cultural Correlingua CIF G70325683 para organizar o Correlingua 2017 "En galego sen cancelas", un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse tres carreiras pola lingua

- A Coruña o 05/05/2017

- Santiago de Compostela o 08/05/2017

- Ferrol o 12/05/2017

Así que, o prazo de execución das carreiras pola lingua é o mes de maio de 2017.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Socio-Cultural Correlingua levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1. Organización de Actividades	19.505 €
1.1 Presentación e entrega de premios do Correlingua 2017 na Deputación	742 €
Desprazamento centro gañador do Vídeo (CPI Suárez Marquier)	357 €
Desprazamento centro gañador da Banda Deseñada (CEIP Manuel Luís Acuña)	385 €
1.2 Premio secundaria Correlingua 2017 en Pontedeume	3.248 €
Estadía Alvarella Ecoturismo 24 e 25 abril	3.192 €
Visita Museo etnográfico da Capela	56 €
1.3 Aluguer equipos de son, xeradores e escenarios	5.038 €
Equipo de son, xerador e camión escenario a Sonacustic para o Correlingua da Coruña (05/05/2017)	2.783 €
Equipo de son, xerador, escenario e produción técnica a Fábrica de Sons para o Correlingua de Santiago de Compostela (08/05/2017)	2.255 €
1.4 Contratación de profesionais	9.261 €
Para a presentación do Correlingua na Coruña: Isabel Risco	285 €
Para a presentación do Correlingua en Santiago: Isabel Risco	285 €
Para a presentación do Correlingua de Ferrol: Luís Correa	285 €
Para a actuación musical no Correlingua da Coruña: Biribirlocke	600 €
Para a actuación musical no Correlingua de Santiago: A Compañía do Ruído	600 €
Para a actuación musical infantil no Correlingua de Ferrolterra: Pablo Díaz	729 €
Para a coordinación do Correlingua: tres nóminas de Lucía Barreiro Capón de 2.159,06 € cada unha (Salario líquido: 1353,33 + Deducións 296,07 +	

Seguridade Social: 509,67)	6.477 €
1.5 Desprazamentos:	1.216 €
Autobuses para o desprazamento do alumnado ao Correlingua de Ferrol	671 €
Desprazamentos Lucía Barreiro Capón para a organización e coordinación do Correlingua	545 €
2. Edición material e publicitación	5.495 €
2.1 Agasallos para o alumnado	5.187 €
4000 puchas e 4000 chapas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol	5.187 €
2.2 Cartaces para publicitar o Correlingua na provincia da Coruña	308 €
TOTAL	25.000 €
Cantidade total orzada:	25.000 €
Axuda solicitada á Deputación da Coruña:	20.000 €

A Asociación Socio-Cultural Correlingua declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481 do EMC 2/2017** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Socio-Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Socio-Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Socio-Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Socio-Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Socio-Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Socio-Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Socio-Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Socio-Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se

presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de setembro de 2016 e o 31 de agosto de 2017**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de novembro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Socio-Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Socio-Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Socio-Cultural Correlingua na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Socio-Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Socio-Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Socio-Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Socio-Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Socio-Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Socio-Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56^a.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Socio-Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Socio-Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de novembro de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de setembro de 2016.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR O “TÍRALLE DA LINGUA” 2016-2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de outubro de 2017.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega, CIF G15154297 para financiar o *Tíralle da Lingua 2016-2017* cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de **12.960 €** que representa unha porcentaxe do 80 % do total do gasto previsto que é de 16.200,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

“ CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG), CIF G15154297, PARA FINANCIAR O “TÍRALLE DA LINGUA” 2016-2017

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D^a Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D. Xoán Costa Casas, presidente de Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) solicita unha subvención nominativa para financiar o *Tíralle da lingua*, un proxecto que pretende incentivar o uso do galego e a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Socio-Pedagóxica Galega, CIF G15154297, para financiar o

- **Tíralle da lingua**, proxecto dirixido ao profesorado e ao alumnado coa finalidade fundamental de incentivar o uso oral do galego e a súa normalización como medio de comunicación habitualmente entre a xente nova, ten dúas fases:

- 1) Xornadas de expresión oral Tíralle da lingua, elaboración, preparación e homologación perante a Consellería de Educación que comezou no mes de outubro. Celebráronse o 26 de novembro de 2016 en Santiago, IES As Fontiñas.
- 2) Concurso de relato oral Tíralle da lingua -Traballo de contidos nas aulas no primeiro trimestre de 2017, o concurso será a finais de abril ou principios de maio de 2017.

O prazo de execución estimado para os dous proxectos é finais de xuño de 2017.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

Asociación Socio-Pedagóxica Galega levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1. Tíralle da lingua

Gastos previstos

• Xornadas de expresión oral	
Deseño, maquetaxe e publicidade	1.000€
Envíos a centros	800€
Docencia	1.500€
Impresión programas e carteleira	700€
Elaboración programa, xestión e organización	1.800€
(esta parte do orzamento corresponde á anualidade 2016)	
• Concurso de relato oral	
1º premio a concursantes (3x250)	750€
2º premio (3x150)	450€
Premios a centros	1.200€
Sesións de conta contos nos centros	2.500€

Dinamización e presentación do concurso e xurado	750
Impresión, maquetaxe e distribución da publicidade	1.950€
Organización e xestión	2.200€
Outros gastos	600€
Total gastos deste apartado	16.200€

Cantidade total orzada: 16.200€

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 12.960,00€

A AS-PG declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **12.960,00€** o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481 do EMC 4/2016** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AS-PG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a AS-PG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a AS-PG, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a AS-PG deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AS-PG tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AS-PG .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a AS-PG unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AS-PG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de outubro de 2016 e o 30 de xuño de 2017**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AS-PG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a AS-PG para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AS-PG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AS-PG na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AS-PG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A AS-PG deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A AS-PG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AS-PG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AS-PG poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AS-PG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56^a.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AS-PG serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AS-PG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de outubro de 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA FINANCIAR A EXPOSICIÓN “OS MUNDOS DE CARLOS CASARES” EN CATRO CONCELLOS DA PROVINCIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Conceder á Fundación Carlos Casares unha subvención nominativa, por importe de **18.800 €**, para financiar a *exposición “Os Mundos de Carlos Casares” en catro concellos da provincia*, cun orzamento subvencionado de 82.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de outubro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Carlos Casares para financiar a exposición “Os Mundos de Carlos Casares” en catro concellos da provincia.

A Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

Don Francisco Javier Casares Mouriño, presidente da Fundación Carlos Casares.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Carlos Casares é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura pública outorgada en Pontevedra, o día 15 de xuño de 2002.

Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, os fins da Fundación son a difusión e estudo da obra do autor, e a promoción da lingua e cultura de Galicia, así como na realización de actividades culturais e científicas de carácter xeral e relacionadas cos intereses deste.

2.- A Real Academia Galega, en sesión plenaria que tivo lugar o 9 de xullo de 2016, acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2017 ao escritor Carlos Casares. Con este motivo, a Fundación Carlos Casares montou a exposición “Os mundos de Carlos Casares”, co obxectivo de dar a coñecer e difundir a súa figura de home comprometido coa cultura e a lingua do país.

3.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento da exposición “Os mundos de Carlos Casares e, en tal sentido, no Expediente de Modificación de Crédito n.º 3/2017, aprobado polo Pleno da Corporación o 8 de xuño de 2017, foi incluída unha achega en concepto de subvención nominativa á Fundación Carlos Casares por un importe de 18.800 €.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Carlos Casares (NIF: G36907244) para financiar a **exposición "Os Mundos de Carlos Casares" en catro concellos da provincia.**

A exposición ten como obxectivo celebrar a vida e a obra do escritor ourensán na clave dun percorrido vital, debuxando un mapa emocional e histórico a partir de cinco etapas:

* *Paisaxes*: infancia e xuventude na Limia e Ourense e os primeiros contactos con escritores e escultores, como Antón Tovar, Vicente Risco, Xaime Quessada, Acisclo Manzano, Xosé Luis de Dios, Buciños...

* *Luzadas*: etapa universitaria coas primeiras expresións literarias, a loita estudantil, os primeiros traballos como profesor.

* *A viaxe*: a experiencia de Suecia e a inmersión na súa sociedade, viaxes por Europa, os inicios do xornalismo literario e a entrada na Real Academia Galega.

* *Conviña*: o compromiso político no Parlamento galego, a consolidación como escritor e o nacemento dun editor, a viaxe na URSS e o papel de mediador cultural da literatura galega.

* *O redonde!*: a madurez como novelista, a popularidade do xornalismo literario, a presidencia do Consello de Cultura Galega, a viaxe no Expreso da Literatura e a partida final.

A exposición está comisariada polo secretario de Fundación, Gustavo Garrido e pola especialista en artes visuais contemporáneas, Chus Martínez Domínguez e o deseño da estrutura da exposición corre a cargo do estudo Creus&Carrasco.

Os catro concellos da provincia no que se desenvolverá a exposición "Os mundos de Carlos Casares" son: Santiago de Compostela, A Coruña, Ribeira e Arzúa; estes concellos poderán ser modificados, logo do acordo previo entre as partes.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Carlos Casares desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Exposición

Estrutura da exposición	22.000 €
Deseño da exposición (Creus&Carrasco)	18.000 €
Equipos electrónicos e audiovisuais	10.000 €
Creación e montaxe das pezas audiovisuais	4.500 €
Comisariado inicial da exposición	5.500 €

Traslado a catro concellos da provincia

Deseño e adaptación aos espazos expositivos	2.000 €
Traslado e montaxe da exposición	8.000 €
Traslado e montaxe dos equipos audiovisuais	4.000 €
Deseño e impresión de folletos, cartelería, lonas e bandeiras nos catro concellos	2.800 €
Seguros para os espazos dos catro concellos	1.200 €
Supervisión e comisariado nos catro concellos	2.400 €
Gastos varios (funxibles, de transporte, manutención, representación, alugueiros, etc.)	1.600 €
Total	82.000 €

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.800 €**, o que representa unha porcentaxe do **22,927 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,927 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Carlos Casares obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Carlos Casares.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á Fundación Carlos Casares para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Carlos Casares deberá solicita, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Carlos Casares.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Carlos Casares unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Carlos Casares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Xunto coa memoria achegaranse informes dos concellos nos que se desenvolva a exposición.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén

se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Carlos Casares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Carlos Casares para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Carlos Casares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Carlos Casares na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Carlos Casares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Carlos Casares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Carlos Casares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Carlos Casares deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Carlos Casares poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Carlos Casares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Carlos Casares serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Carlos Casares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Previa solicitude da Fundación Carlos Casares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO CAB CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DOS EQUIPOS DAS CATEGORÍAS BASE DO CLUB NO ANO 2016.

Sr. Presidente

Imos votar a retirada do punto número seis.

O Pleno por unanimidade, acorda retirar este punto da orde do día.

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DA CORUÑA) PARA FINANCIAR O PROXECTO DE ARTES ESCÉNICAS “COLON QUEER” ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos suspensivos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 2 de outubro de 2017 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A.L.A.S. Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) (G70249461) para financiar o Proxecto de artes escénicas “Colon Queer” ano 2017, cunha achega da Deputación que ascende a 13.000 €, que representa unha porcentaxe do 76,47 % do orzamento total de gasto previsto que é de 17.000,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.22/481 do vixente orzamento.

3.- Condicionar a vixencia do convenio a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Nº 2017/

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DA CORUÑA) para financiar O PROXECTO DE ARTES ESCÉNICAS “COLON QUEER” ANO 2017

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Don David Fuentes Baldomir, presidente de A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Esta entidade ten como fins a realización de labores educativos, informativos, formativos e culturais que fomenten o coñecemento e a desmitificación da diversidade afectivo-sexual, co fin último de acadar unha integración efectiva e completa de todas as persoas.

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña), CIF G70249461 para financiar o Proxecto de artes escénicas “Colon Queer” ano 2017 que se celebrará entre o 10 de marzo de 2017 e o 16 de maio de 2017.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DA CORUÑA)

A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Pantone - Custo da obra (contratación externa)	2.904,00 €
Eu – Custo da obra (contratación externa)	1.482,00 €
Judy Garland, alén do arco da vella – Custo da obra (contratación externa)	2.178,00 €
Drag Prix	7.909,75 €
Produción, dirección, técnicos de escena e vídeos (contratación externa)	1.862,52 €
Decorados (contratación externa)	2.700,00 €
Caché Malena Gracia	1.452,00 €
Voos Manela Gracia e acompañante	250,64 €
Gastos de xestión voos Malena Gracia e acompañante	15,32 €
Voo Elsa Ruiz	96,01 €
Gastos de xestión voo Elsa Ruiz	11,02 €
Tren regreso Elsa Ruiz	52,55 €
Voo ida La Prohibida	35,00 €
Billetes de autobús para as Supremas	44,30 €
Aloxamento artistas en Hotel Zenit	455,59 €
Seguro	240,30 €
Alugueiro furgoneta transporte materiais	150,00 €
Técnico de luces (contratación externa)	363,00 €
Impresión fotocolor	181,50 €
Publicidade	2.526,75 €
Impresións de cartelería e de flyers	1.754,50 €
Distribución de cartelería e de flyers (contratación externa)	772,25 €
Total	17.000,50 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **13.000 €**, o que

representa unha porcentaxe do **76,47 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,47 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,47% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos,

audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña).

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle abonada a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal de A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán realizarse entre **o 10 marzo de 2017 e o 16 de maio de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da

Coruña) para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada por A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña). E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos

nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención a A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que A.L.A.S Coruña (Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día de de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL,
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE
IGUALDADE

A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA
LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A
CORUÑA)

Asdo.: Ánxela Franco Pouso

Asdo.: David Fuentes Baldomir

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS PARA FINANCIAR O PROXECTO “EMPRENDE NA BIOSFERA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS CIFG70180807 para financiar o proxecto “Emprende na Biosfera,”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 45.000,00 € euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, de 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, de 30 de xullo, e pola RP 15/29081, de 23 de decembro

Doutra parte Don José Antonio Santiso Miramontes, con DNI núm. 76.348.920Y, en representación da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

A Coruña

Que a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

A Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia o programa de emprendemento rural “Emprende na Biosfera” ten como obxectivo apoiar aos emprendedores cuxos proxecto teñan base no aproveitamento sostibles dos recursos rurais, do mar e o litoral.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS CIF G70180807, para o financiamento do proxecto Programa de “Emprende na Biosfera”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
FORMACIÓN:	
Asistencia Formación Recursos Locais e Oportunidades do Mar e litoral	2.585,00
Asistencia Formación Producción Ecolóxica e Novas Producións	2.820,00
Asistencia Formación Turismo e Medio Ambiente	1.880,00
Asistencia Formación Transformados Lácteos e Outros Transformados	2.726,00
Asistencia Formación Marcas e Diferenciación	2.350,00
Asistencia Formación Metodoloxías Dinamización Economía Local	1.269,00
Asistencia Formación Iniciativa Emprendedora, Economía Social e Circular	2.820,00
VISITAS FORMATIVAS:	
Visitas experiencias demostrativas e innovadoras	1.179,00
PERSOAL TUTORIZACIÓN	
Coordinación, tutorización e Acompañamento de proxectos	35.400,00
GASTOS XERAIS:	
Aluguer aulas formativas	1.265,00
Seguros	975,00
Materiais formación	981,00
TOTAL IVE INCLUIDO	56.250,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 80% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe

total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24101/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas u entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días 1 de maio do 2017 ao 31 de decembro de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e

pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencions, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencions, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencions e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de maio do 2017 ata o 31 de decembro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2018 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 28 de febreiro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da entidade

Valentín González Formoso

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO
RURAL MARIÑAS-BETANZOS”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “MÁSTER EN PRODUCCIÓN E XESTIÓN AUDIOVISUAL”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Excepcionar, no presente expediente, o cumprimento parcial do principio de imputación temporal do gasto establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais, dado que o gasto a que vai referido o convenio foi executado parcialmente no exercicio 2016.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF G15597289 para financiar o proxecto “Máster en produción e Xestión Audiovisual”

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 24.225,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 19,18 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/326.9/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte Don Juan José Gómez Romero con DNI núm. 36055501-B, en representación da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Coruña

Que a Deputación Provincial da Coruña e FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Coruña,

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do proxecto “Máster en produción e xestión audiovisual” que ten como obxectivo a formación de produtores nos diferentes ámbitos do sector audiovisual –cine,

televisión ou novas media- é dicir, profesionais capaces de dar un valor engadido ao fondo e á forma dos contidos audiovisuais.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF G15597289, para o financiamento do proxecto “Máster en produción e xestión audiovisual”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

2 GASTOS	IMPORTE
a. Retención do 7% a favor da UDC	7.997,50 €
b. Xestión delegada	6.912,13 €
c. Administración- contratación (solicita desta apartado á Deputación 2.225,00 €)	22.627,69 €
d. Dirección	0,00 €
e. Docencia	
2.5.1 Profesorado UDC	15.972,00 €
2.5.2 Profesorado outras universidades	5.680,00 €
2.5.3 Profesorado no universitario	47.401,00 €
(solicita deste apartado á da Deputación 22.000,00)	
f. Publicidade e promoción	5.000,00 €
g. Primas de seguro	100,00 €
h. MATERIAL	
2.8.1 Funxible	450,00 €
2.8.2 Inventariable	650,00 €
i. Gastos protocolarios	5.000,00 €
j. Dietas	6.000,00 €
k. Outros gastos	2.500,00 €
TOTAL GASTOS	126.290,32 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 24.225,00 € o que representa unha porcentaxe do 19,18%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o

importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 19,18% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3269/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días 1 de setembro de 2016 ao 30 de novembro de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN S E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de setembro de 2016 ata o 30 de novembro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DIPUTADO

O representante da entidade

José Luis García García

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE
DA CORUÑA”

10.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESLINDE DO VIVEIRO FORESTAL DE SOBRADO, EN SOBRADO (A CORUÑA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Proceder ao deslinde do predio coñecido como Viveiro Forestal de Sobrado, no concello de Sobrado (A Coruña), propiedade da Deputación da Coruña

SEGUNDO: Notificarlles o presente acordo ás persoas titulares dos predios lindeiros e demais titulares de dereitos reais afectados polo deslinde, para a presentación de cantos documentos estimen oportunos en proba e defensa dos seus dereitos, ata os vinte días hábiles anteriores ao comezo das operacións.

TERCEIRO: Publicar, con esta finalidade, o anuncio de deslinde no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado.

CUARTO: Trasladar o presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Arzúa, para os efectos de que se realice a anotación marxinal do deslinde.

QUINTO: Establecer que o deslinde se iniciará o luns 29 de xaneiro de 2018 ás 11:00 h na Casa do Concello de Sobrado, sempre que transcorresen 60 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, facultando a Presidencia a modificar mediante resolución a data, a hora ou o lugar, se as circunstancias o requirisen.”

11.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS, QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA, A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar o texto e a formalización dun convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e os Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de práctica xurídica nos concellos da provincia e de adquisición de material, necesario para a súa execución, ano 2017, cunha achega da Deputación de 48.000, euros, o que representa un coeficiente de financiamento do 100,00 % con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2018.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE E COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. 2017

Na Coruña,

Dunha parte, o Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Sr. D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño). Ambos os dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre estas institucións o 29 de novembro de 1994.

Doutra parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, deputado da Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade e os Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua), dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), do Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA en Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de grande importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.-A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo, o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este Acordo, a Deputación de A Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia de A Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas desta, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, as partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2017, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao

fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2017, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. De acordo co seguinte detalle desagregado:

A. GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DO ALUMNADO: 36.0000 €, para o ano 2017, e que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2016	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE TOTAL
SETEMBRO	20	450	9.000
OUTUBRO	20	450	9.000
NOVEMBRO	20	450	9.000
DECEMBRO	20	450	9.000

B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURA E XESTIÓN: 4.000 € para o ano 2017, e que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2017	DURACION	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2017	4 MESES	1.000	4.000

C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 € para o ano 2017, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2017	MATERIAL	IMPORTE TOTAL
Ano 2017	Por determinar	5.000

D. COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 € para o ano 2017.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2017, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto

xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo do seguinte xeito:

Ano 2017

36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/481

12.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90

partidas na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa chegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre as partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI. COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo,

por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII. DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán estas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, pola súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, ETC. DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscripción do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte e colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de 36.000 € en concepto de gastos de desprazamentos, manutención, etc dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 375 € ao mes, máis unha cantidade variable de 75 €, en función do quilometraxe. Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses, isto é, a 36.000 €.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboará o dito importe á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceda a súa concentración nun período de tempo inferior ao ordinario de dez meses/ano, poderase acordar realízalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais que ha realizar o alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2016 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses (setembro a decembro de 2017), a razón dun mínimo de tres e un máximo de cinco días á semana, e de seis horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación (4.000€) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, na conta que a Escola designe para tal efecto, e tras xustificación da actividade realizada. Para o ano 2017 as partes acordan que a cantidade para a contribución aos gastos de coordinación será de 1.000 euros ao mes durante cada un dos catro meses nos que se concentrarán as prácticas que realicen os alumnos durante a dita anualidade.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica.

C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 5.000 € para o ano 2017, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións,etc. No suposto de que os gastos xustificadas foran superiores, a Deputación achegará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2017.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do director da Escola de Práctica Xurídica.

D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será por conta da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores desta para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcionarial coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia para os efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte parágrafo e na cláusula DÉCIMO OITAVA.

Polo que se refire á anualidade correspondente ao ano 2017 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia para os efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do 31 de marzo de 2018.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2017 e outro antes do 31 de marzo de 2018; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado

sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escola de Práctica Xurídica na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, director desta e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que poidan xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá carrexar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade carrexará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de xuño, de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia a efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2018.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data -----

En proba de conformidade, as partes asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE
CONTRATAÇÃO,
PATRIMONIO
E EQUIPAMENTO DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Xesús Manuel Soto Vivero

O REITOR MAGNIFICO DA
UNIVERSIDADE DE
COMPOSTELA

Juan Manuel Viaño Rey

O DECANO DO ILUSTRE
COLEXIO DE AVOGADOS DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Evaristo Nogueira Pol"

12.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 30039/2017 DO 28 DE SETEMBRO RELATIVA AO PROXECTO MODIFICADO PROMOVIDO POLO CONCELLO DE NARÓN CONSISTENTE NA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO COMPLEXO DEPORTIVO DA GÁNDARA INCLUÍDO NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

O Pleno toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 30039/2017, do 28 de setembro, relativa ao proxecto modificado promovido polo Concello de Narón consistente na mellora da eficiencia enerxética no Complexo Deportivo da Gándara incluído na 2ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA).

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “DOTACIÓN DE SANEAMENTO PÚBLICO NO LUGAR DE CERQUEIRAS EN RIANXO”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE RIANXO, INCLUÍDO NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar o proxecto modificado presentado polo Concello de RIANXO, relativo á actuación que se detalla a continuación, que afecta aos capítulos 01 e 02 do proxecto, incrementándose o orzamento total, pero sen que a variación afecte á asignación provincial a través do Plan de medio ambiente:

CONCELLO	EXPT.	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓN
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Rianxo	201600009484	Proxecto técnico para a dotación de rede integral de saneamento con depuración no lugar de Cerqueiras	34.537,11	47.668,38	82.205,49	-----

2. Considerar cumprida a condición á que foi sometida a actuación promovida polo Concello de Rianxo, incluída na “1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016”, que foi aprobada por acordo de Pleno Corporativo do 28.10.2016, e aprobala definitivamente.”

14.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 PARA INCLUIR A POSIBILIDADE DUN PLAN COMPLEMENTARIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar as bases do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, no sentido seguinte:

1. Modificación da base 9ª. Xustificación e pagamento

Onde di:

O prazo para xustificar as actuacións rematará o día 31 de outubro de 2017 ás 14:00 horas.”

Pasa a dicir:

O prazo para xustificar as actuacións rematará o día 30 de novembro de 2017, ás 14:00 horas, salvo que se trate de investimentos, en cuxo caso o prazo rematará o 31 de marzo de 2018, ás 14:00 horas.”

2. Addenda ás bases

Os concellos poderán aprobar un plan complementario integrado polos proxectos de investimento que acorden executar con cargo ás economías derivadas das baixas na licitación das actuacións incluídas no PMA-INVESTIMENTOS 2016 ou pola anulación destas, para cuxos efectos, deberán remitir a través de SUBTEL a documentación detallada nas bases do plan.

Os investimentos incluídos no plan complementario terán que acadar como mínimo un importe de 5.000 € e o prazo de remisión da documentación necesaria para a elaboración do Plan adicional rematará o día 31.03.2018, ás 14:00 horas.

Unha vez coñecidas e comunicadas aos concellos respectivos as economías producidas, a Deputación aprobará un plan adicional integrado polas actuacións que os concellos decidan incluír, para cuxa execución se seguirá o procedemento previsto nas bases do plan.

O prazo de xustificación das actuacións incluídas no plan adicional rematará o día 31.10.2018, ás 14:00 horas, no que os concellos deberán ter contratadas, executadas e xustificadas as actuacións adicionais.”

15.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2017. IV FASE: -DP 7702 MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MBQ NA DP 7702 SANTA CATALIÑA A ESMORODE PQ 0+000 A 2+100 (SANTA COMBA)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o PLAN DE CONSERVACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2017 CUARTA FASE cun presuposto total de 203.583,89 €, con cargo á aplicación 0410/4531/61900, integrado polas obras que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE
DP 7702 Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 7702 Santa Cataliña a Esmorode PQ 0+000 ao 2+100 (17.1100.0037.0)	203.583,89

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido este sen se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

16.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2017. VII FASE: -DP 8203 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 8203 VEDRA Á PONTE DE SANTA LUCÍA PQ 8+015 A 10+090 (SANTIAGO DE COMPOSTELA); DP 1302 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 1302 ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 0+420 (NEGREIRA); DP 7305 MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 7305 DE RIBEIRA A AGUIÑO POR CARREIRA PQ 3+470 A PQ 4+270 (RIBEIRA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimentos en vías provinciais 2017 sétima fase cun presuposto total 580.123,30 €, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
1711100019.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 8203 VEDRA A PTE. STA. LUCÍA PQ 8+015 A 10+090	SANTIAGO DE COMPOSTELA	361.165,60
1711100020.0	MELLORA DE SEG. VIARIA NA ESTRADA DP 1302 ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 0+420	NEGREIRA	75.398,74
1711100021.0	MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 7305 DE RIBEIRA A AGUIÑO POR CARREIRA PQ 3+470 A PQ 4+270	RIBEIRA	143.559,06
		TOTAL	580.123,40

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

17.-TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN, DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 32005/2017, DO 16 DE OUTUBRO, EN CUXA VIRTUDE SE APROBA SOLICITAR FINANCIAMENTO FEDER NO MARCO DA CONVOCATORIA APROBADA POR REAL DECRETO 616/2017, DO 6 DE XUÑO, DO MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL (BOE NÚM. 144, DO 17.06.2017), POLA QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE 2014-2020, PARA AS PROPOSTAS DE ACTUACIÓN QUE NESTA RESOLUCIÓN SE DETALLAN.

Sr. Secretario

Aquí hai unha emenda de modificación, presentada polo presidente da Comisión, no sentido de que se adopte o acordo de que o Pleno toma coñecemento desta resolución e a ratifica. Parece que houbo algunha complicación administrativa na Comisión, o que se debería de someter a acordo é esta modificación que é xa o

acordo correspondente, que é que o Pleno toma coñecemento desta resolución e ratifícaa.

ACORDO

O Pleno por unanimidade, acorda:

“**O Pleno** toma coñecemento e ratifica a Resolución da Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aproba solicitar financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 6 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan.”

18.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REXENERACIÓN INTEGRAL DE INFRAESTRUTURAS URBANAS E PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO RURAL DE LAGO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mazaricos para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mazaricos
DENOMINACIÓN DA OBRA	Rexeneración integral de infraestruturas urbanas e pavimentación no núcleo rural de Lago
ORZAMENTO DO PROXECTO	192.044,42 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	86.400,00 €
ACHEGA DO CONCELLO (POS+ 2017 Achega 2016 a outros plans, programas ou convenios (Código 2017.3110.0503.0)	105.644,42 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	44,98959 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/153.2/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/153.2/76201 do orzamento provincial para o ano 2017.

O financiamento da achega municipal a este convenio será con cargo á cantidade asignada a este concello no POS + 2017, en concepto de achega provincial 2016.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REXENERACIÓN INTEGRAL DE INFRAESTRUTURAS URBANAS E PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO RURAL DE LAGO

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Mazaricos, Juan José Blanco Riveiro

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mazaricos ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos, con CIF P1504600F para o financiamento das obras de "Rexeneración integral de infraestruturas urbanas e pavimentación no núcleo rural de Lago", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polas arquitectas M^a Cruz Vigo Castro, Flavia C. Piñeiro Ces, Paula Souto Cañas e o ETSCCP Gael Sánchez Rivas.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a

execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	133.373,44 €
Gastos xerais (13%)	17.338,55 €
Beneficio industrial (6%)	8.002,41 €
IVE (21 %)	33.330,02 €
Orzamento da contrata	192.044,42 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 86.400,00 €, o que representa unha porcentaxe de 44,98959 %. A contía restante, por importe de 105.644,42 € ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada polo concello con cargo ao POS +2017 (Código: 2017.3110.0503.0).

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 44,98959 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/153.2/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orxamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orxamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.
3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requiriralle a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello
de Mazaricos

Xosé Regueira Varela

Juan José Blanco Riveiro”

19.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REPARACIÓNS E MELLORA DA CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS” DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0212.0).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta fase, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Ames denominada “Reparacións e mellora da Casa da Cultura de Bertamiráns”, co código 2015.3110.0212.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, debido a que o proxecto inicial incluía unha serie de unidades que xa non se fan necesarias para a súa execución, e non obstante hai partidas que é necesario introducir dado que non estaban contempladas inicialmente; así como logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada “Reparacións e mellora da Casa da Cultura de Bertamiráns”, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0212.0,

que foi aprobada polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, que representa un incremento no seu presuposto, xa que se alteran algunhas partidas orzamentarias eliminando unha serie de unidades que xa non se fan necesarias para a súa execución e introducindo outras que non estaban contempladas inicialmente.

O citado incremento é asumido integramente polo concello, quedando o cadro de financiamento da obra tal e como se indica nas seguintes táboas:

DATOS DE FINANCIAMENTO CALCULADOS SOBRE ORZAMENTO DE CONTRATA			
Axentes financeiros	Proxecto Inicial contrata	Proxecto modificado contrata	Diferenza Contrata
Deputación	99.446,19 €	99.446,19 €	0,00€
Concello	0,00 €	7.551,85€	7.551,85 €
Total	99.446,19 €	106.998,04 €	7.551,85 €

DATOS DE FINANCIAMENTO CALCULADOS SOBRE ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN			
Axentes financeiros	Proxecto Inicial adxudicación	Proxecto modificado adxudicación	Diferenza
Deputación	67.553,20 €	67.553,20 €	0,00€
Concello	0,00 €	5.129,93€	5.129,93 €
Total	67.553,20 €	72.683,13€	5.129,93 €

2.- Na partida 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial correspondente ao Plan de acción social (PAS) 2015 existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

20.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REPARACIÓNS, ACCESIBILIDADE E PECHES PISCINAS MILLADOIRO”, DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0213.0).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta fase, no que figura, entre outras, a obra do concello de Ames que máis adiante se indica denominada “Reparacións, accesibilidade e peches piscinas Milladoiro”, co código 2015.3110.0213.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, debido a que unha vez iniciadas as obras xorde a necesidade de introducir determinadas actuacións que non foron contempladas no proxecto orixinario e de excluír outras actuacións coa finalidade de introducir as variacións estritamente indispensables para poder executala correctamente; así como logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables á súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada “Reparacións, accesibilidade e peches piscinas Milladoiro”, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0213.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 175.730,07 €, que non supón unha modificación do seu orzamento, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, que supón a variación dalgunhas partidas orzamentarias do proxecto orixinario estritamente indispensable para poder executalo correctamente, pola necesidade de introducir determinadas actuacións que non foron contempladas neste e de excluír outras que xa non se fan necesarias.

CONCELLO	CÓDIGO PARTIDA	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
AMES	2015.3110.0213.0 0430 93393 76201	Reparación accesibilidade e peches piscinas Milladoiro	175.730,07	0,00	175.730,07

2.- Na partida orzamentaria 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial correspondente ao Plan de acción social (PAS) existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO TURÍSTICO RELÁXESE 2017”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE LAXE, CIF P1504100G**, para o financiamento do “*PROXECTO TURÍSTICO RELÁXESE 2017*”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE LAXE**

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015.

E doutra parte, D. José Manuel Mouzo Castiñeira, en representación do **CONCELLO DE LAXE**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do **CONCELLO DE LAXE**, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE LAXE, CIF P1504100G**, para o financiamento das actividades do “*PROXECTO TURÍSTICO RELAXESE 2017*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR

O CONCELLO DE LAXE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
DIFUSIÓN	
CARTELERÍA- deseño, edicións, publicacións, varios	2.600,00 €
CAMPAÑA DE DIFUSIÓN EN LÍNEA - xestión de redes sociais	1.500,00 €
ANUNCIOS PRENSA ESCRITA- publicade en diarios e revistas	2.500,00 €
DIFUSIÓN EN RADIO- cuñas publicitarias difusión radio	1.000,00 €
OUTROS GASTOS DIFUSIÓN	400,00 €
REPRESENTACIÓNS ARTÍSTICAS	
ACTUACIÓNS MUSICAIS- apoio presentación actividades	3.000,00 €
INVESTIMENTOS E EQUIPAMENTOS	
INVESTIMENTOS E EQUIPAMENTOS- varios	950,00 €
OUTROS INVESTIMENTOS E EQUIPAMENTOS	550,00 €
ACTIVIDADES E GASTOS CORRENTES	
ACTIVIDADES E GASTOS CORRENTES- Actividades formativas e gastos diversos	6.500,00 €
OUTRAS ACTIVIDADES E GASTOS CORRENTES	1.000,00 €
TOTAL (IVE INCLUÍDO)	20.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 100,00 % da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201 do vixente orzamento na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE LAXE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE LAXE o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE LAXE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE LAXE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE LAXE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE LAXE, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

1.2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

1.3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.4.- O CONCELLO DE LAXE estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

2.1.-Memoria de actuación, suscrita polo representante legal do CONCELLO DE LAXE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

2.3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

2.4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE LAXE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE LAXE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE LAXE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE LAXE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE LAXE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE LAXE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro do ano 2017 ata o 31 de decembro do ano 2017**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2018**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE LAXE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá

conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE LAXE perderá o dereito ao cobro do importe que corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE LAXE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

O representante do Concello de Laxe

Xosé Regueira Varela”

22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DA “II EDICIÓN FAIRWAY-FÓRUM CAMIÑO DE SANTIAGO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Condicionar o presente acordo á circunstancia de que o Concello de Santiago de Compostela estea ao corrente das súas obrigas coa Deputación con carácter previo ao pago da achega provincial disposta no convenio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que van subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE COMPOSTELA, CIF P1507900G**, que actuará na súa xestión a través da empresa municipal **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL S.A. (INCOLSA)** con CIF **A15683477** para o financiamento das actividades do “// EDICIÓN FAIRWAY - FÓRUM DO CAMIÑO DE SANTIAGO 2017”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 130.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

7º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO

Na A Coruña, o

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015.

E doutra parte, D. Martiño Noriega Sánchez, en representación do CONCELLO DE SANTIAGO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTIAGO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO, CIF P1507900G**, que actuará na súa xestión a través da empresa municipal **INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL S.A. (INCOLSA)** con CIF **A15683477** para o financiamento das actividades do “II EDICIÓN FAIRWAY - FÓRUM DO CAMIÑO DE SANTIAGO 2017”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	Detalle	IMPORTES
CONGRESO	Paneis e relatores	47.820,00 €
	Honorarios coordinadores dos 4 paneis temáticos	4.800,00 €
	Honorarios moderadores paneis	2.000,00 €
	Honorarios persoal relator	15.000,00 €
	Viaxes persoal relator	13.600,00 €
	Aloxamento persoal relator 36 persoas 3 días	7.020,00 €
	Almorzo e ceas persoal relator 36 persoas 3 días	5.400,00 €
WORKSHOP	Workshop	45.800,00 €
	Viaxe 40 persoas diversas procedencias	32.000,00 €
	Aloxamento 40 persoas 3 noites	7.800,00 €
	Almorzo e ceas 40 persoas 3 días	6.000,00 €
FAIRWAY CITY		27.600,00 €
	Programación	
	Programación actividades: cine, música, literatura, gastronomía	15.000,00 €
	Produción	
	Adaptación de imaxe e produción de elementos: programa, entradas e invitacións	1.300,00 €

Adaptación de imaxe e produción de elementos de sinalética xeral, bandeirolas, lonas	1.000,00 €
Montaxe audiovisual, son e iluminación específico para cada acción	8.600,00 €

Persoal de atención

Persoal Coordinador e azafatas/os / auxiliares RRPP	1.700,00 €
---	------------

STAND DESEÑO	13.077,52 €
---------------------	--------------------

Estrutura e deseño

Chan aberto a 3 rúas 16 m2 Deseño, estrutura e montaxe do stand Moqueta 16 m2	10.995,52 €
---	-------------

Mobiliario

2 mostradores con vitrina 2 tallos xiratorios 1 mesa redonda 4 cadeiras 2 mobles estantes 1 almacén	452,00 €
--	----------

Iluminación e electricidade

Cadro eléctrico 3500W Iluminación xeral focos brazo 300 Enchufes 500 w	652,00 €
--	----------

Audiovisuais

1 pantalla plasma 55"	594,00 €
-----------------------	----------

Rotular e imaxe

Logotipo en vinilo corte para traseira Varias impresións de vinilo	384,00 €
---	----------

TOTAL	134.297,52 €
21 % IVE	28.202,48 €
TOTAL ORZAMENTO CON IVE	162.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **130.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201 do vixente orzamento na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTIAGO, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

1.2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

1.3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.4.- O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

2.1.-Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

2.3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

2.4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á

Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os devengados dende o día **1 de setembro do ano 2017 ata o 30 de decembro do ano 2017**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2018**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Deputado

O REPRESENTANTE DO CONCELLO
DE SANTIAGO

Xosé Regueira Varela”

23.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS PARA O FINANCIAMENTO DO “PLAN DE ACTUACIÓNES NECESARIAS PARA A HOMOLOGACIÓN COMO SENDEIRO DE GRAN PERCORRIDO DO CAMIÑOS DOS FAROS”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a **ASOCIACIÓN CAMIÑO DOS FAROS CIF G70398961**, para o financiamento do “**PLAN DE ACTUACIÓNES NECESARIAS PARA A HOMOLOGACIÓN COMO SENDEIRO DE GRAN PERCORRIDO DO CAMIÑO DOS FAROS**”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 78.152,00 euros, para un proxecto orzado en 97.686,00 € o que representa unha porcentaxe de 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS

Na Coruña, o
REUNIDOS

Dunha parte o D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015.

Doutra parte D. Carlos Tasende Pose, con DNI núm. 32813109K, en representación da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS consideran de gran interese para a provincia consolidar a Ruta dos Faros como Sendeiro de Gran Percorrido. O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 quilómetros que une Malpica con Fisterra polo borde do mar. Atravesa un total de nove concellos da provincia da Coruña: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Fisterra, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso e Vimianzo. O Camiño dos Faros constitúe un patrimonio natural e cultural de gran valor para a provincia, como recurso turístico e como elemento de dinamización socioeconómico. A actividade que vai financiar pretende converter a Ruta en Sendeiro de Gran Recorrido (GR) o que mellorará o trazado e seguridade, a difusión mediatiza o coñecemento por un maior número de persoas, permitindo unha valorización dun recurso natural pertencente a nove concellos da provincia.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS**, CIF G70398961, para o financiamento do proxecto *“Plan de actuacións necesarias para a homologación como sendeiro de Gran Recorrido do Camiño dos Faros”*

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR

A ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.Diagnose e estudo de definición do sendeiro	
1.1 Estudos e diagnoses previas	6.580,00€
Gastos correntes.....	1.110,00 €
Gastos de persoal propio ou voluntario.....	3.862,00 €
Investimentos.....	1.608,00 €
1.2.Deseño e estudo definición do sendeiro (EDS)	11.772,00€
Gastos de persoal.....	3.610,00 €
Gastos correntes.....	8.162,00 €
TOTAL 1	18.352,00€
2.Execución de intervencións	
2.1.Homologacións Federación Galega de montañismo	13.849,00€
Gastos de persoal.....	5.460,00 €
Gastos correntes.....	8.389,00 €
2.2.Topoguía, Sinalización, Paneis	31.615,00€
Gastos correntes topoguía, sinalización e paneis.....	31.615,00 €
TOTAL 2	45.464,00€
3.Estudo e execución das medidas e obras de acondicionamento	
3.1.Estudos técnicos, obras de fábrica e acondicionamento	33.870,00€
Servizos de profesionais independentes (contratacións externas).....	33.870,00 €
TOTAL 3	33.870,00€
TOTAIS	97.686,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **78.152,00 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento

detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado

o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou,

no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de setembro de 2017 ata o 31 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do 2018**, quedando supeditada a validez do presente convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2018.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada nesta data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

O representante da Asociación o
Camiño dos Faros

XOSÉ REGUEIRA VARELA

CARLOS TASENDE POSE”

24.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do mes de setembro de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

25.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 30/09/2017 E PROXECCIÓN AO 31/12/2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria no 30 de setembro de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente o Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

26.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación con referencia no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

27.-CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ARTIGO 3.A.1. DETECTADO NA ORDENANZA Nº 16 DE PREZOS PÚBLICOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES CULTURAI, TEATRAIS E ESCÉNICAS QUE SE HAN DESENVOLVER NO TEATRO COLÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no artigo 3.A.1. **TARIFA BASE da ORDENANZA Nº 16 DE PREZOS PÚBLICOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES CULTURAI, TEATRAIS E ESCÉNICAS QUE SE HAN DESENVOLVER NO TEATRO COLÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA,** no sentido de onde di:

"Artigo 3. Contía e supostos de non suxeición ao pagamento

3. A. Programación propia da Deputación:

3. A. 1. TARIFAS BASE:

Para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación, consonte coa habilitación conferida polo artigo 47.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno a fixación concreta das contías que se han cobrar, mediante a aplicación dun coeficiente redutor ou de incremento, sobre as tarifas-base que se sinalan seguidamente:

	<u>EUROS</u>
<i>a) Patio de butacas.....</i>	<i>25,00</i>
<i>b) Palcos centrais</i>	<i>20,00</i>
<i>c) Principal.....</i>	<i>15,00</i>
<i>d) Palcos laterais</i>	<i>10,00"</i>

deberá dicir:

"Artigo 3. Contía e supostos de non suxeición ao pagamento

3. A. Programación propia da Deputación:

3. A. 1. TARIFAS BASE:

Para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación, consonte coa habilitación conferida polo artigo 47.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno a fixación concreta das contías que se han cobrar, mediante a aplicación dun coeficiente redutor ou de incremento, sobre as tarifas-base que se sinalan seguidamente:

	<u>EUROS</u>
a) Patio de butacas.....	50,00
b) Palcos centrais	40,00
c) Principal	30,00
d) Palcos laterais	20,00"

SEGUNDO.- Esta corrección comezará a rexer a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

28.-APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE TEO.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Neste punto pedimos a retirada da orde do día para facer unha corrección de erros ademais feita polos propios servizos, entón deixalo para un próximo Pleno.

O Pleno, por unanimidade, acorda retirar este punto da orde do día.

29.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 5/2017.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2017 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 16.836.250,46 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamiento):

CE. Créditos extraordinarios: 434.557,99

SC. Suplementos de crédito: 16.401.692,47

Total aumentos: 16.836.250,46

A.2) Baixas (fontes de financiamiento):

Remanente de tesorería: 3.876.197,88

Baixas por anulación: 10.433.109,42

Maiores ingresos: 2.526.943,16

Total financiamiento: 16.836.250,46

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	9.000,00	0,00
2. Gastos correntes	1.481.000,00	800.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	1.451.341,72	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	654.320,11	0,00
7. Trans. de capital	13.240.588,63	9.633.109,42
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	16.836.250,46	10.433.109,42

B.2 Resumo por capítulos do Estado de ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	25.000,00
4. Transferencias correntes	2.501.943,16
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. finan. reman. Tesorería	3.876.197,88
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	6.403.141,04

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2017, exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra manifestada nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para elaborar e remitir o plan económico financeiro publicado por ese Ministerio, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento vén explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

30.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RENUNCIA DE DON GUMERSINDO GALEGO FEAL Á SÚA CONDICIÓ DE DEPUTADO PROVINCIAL.

Vótase a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente, vótase a proposición da Presidencia, e apróbbase tamén por unanimidade a seguinte proposición da presidencia:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito de data 18 de outubro de 2017, con entrada no rexistro ese mesmo día, a renuncia á súa condición de deputado provincial por don Gumersindo Pedro Galego Feal, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada **por don Gumersindo Pedro Galego Feal**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a don Juan Alonso Tembrás**, segundo suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Ferrol nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol, tendo en conta que o primeiro suplente é xa deputado provincial por cubrir o posto vacante por renuncia anterior”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Secretario

Hai unha moción dentro da orde do día que é a moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre a incoación dun expediente sancionador á emisora CUAC-FM.

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA SOBRE A INCOACIÓN DUN EXPEDIENTE SANCIONADOR Á EMISORA CUAC FM.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 21 de setembro a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, comunicoulle a CUAC FM a incoación dun expediente sancionador por emitir “sen dispor da correspondente licenza”. CUAC (Colectivo de Universitarios Activos) expónse a unha sanción administrativa que vai dos 100.001 aos 200.000 €.

CUAC FM é unha das poucas emisoras comunitarias que existen en Galicia e a única establecida na cidade da Coruña. CUAC FM, ademais de ser un medio de comunicación comunitario sen ánimo de lucro, é un proxecto asociativo, cultural e educativo, que garante o acceso e a participación democrática da cidadanía na xestión dun medio de comunicación e nos seus contidos. O Colectivo de Universitarios Activos naceu en 1995 co fin de garantir o exercicio do dereito de acceso á comunicación e a liberdade de expresión da cidadanía e desenvolveu a súa actividade de maneira continuada os 365 días do ano.

CUAC FM comezou as súas emisións o 27 de marzo de 1996 dende o Campus Universitario de A Zapateira en virtude dun convenio de colaboración coa Universidade da Coruña. Desde entón, pasaron polos seus micrófonos 452

programas e máis de 1.200 persoas facendo comunicación radiofónica de xeito regular. En CUAC FM, participan actualmente 120 socios e socias: persoas a título particular e institucións. Así, CUAC dá voz entre outras a entidades sociais como CASCO (Comité Ciudadano AntiSida de Coruña), Amnistía Internacional, ADEGA, Colexio Calasanz PP.Escolapios, Fundación Albergue Padre Rubinos, Asociación Cultural Alexandre Bóveda, UTACAA Asociación de Ex-alcohólicos de A Coruña, Asociación Radio Prometea, ASPACE, Proxecto Cárcere, Iniciativa A CAMPA, ou a Universidade Sénior da UDC.

CUAC FM emite a través do 103.4 da FM desde o primeiro día sen interferir ou prexudicar nunca a emisión de ningunha outra estación de radio en Galicia. A súa cobertura por ondas abrangue boa parte da área metropolitana da Coruña mais tamén pode escoitarse en todo o mundo a través de Internet: de feito, foi a primeira emisora local da cidade da Coruña que emitiu pola rede tanto en *podcasting* como en *streaming* e tamén foi a primeira en desenvolver aplicacións en mobilidade propias.

CUAC FM desenvolve tamén unha intensa actividade asociativa ao ser co-fundadora e sede da entidade máis representativa do sector en todo o estado, a Rede de Medios Comunitarios (ReMC). Tamén é co-fundadora da Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias (REGARLIC) e membro da Asociación Mundial de Radios Comunitarias (AMARC), en cuxo Consello de Dirección en Europa participa.

As actividades de CUAC FM son moitas e ben coñecidas. Nestes máis de 20 anos, desenvolveu obradoiros, palestras, o Congreso Europeo de Medios do Terceiro Sector, ciclos de concertos, actividades escénicas e teatrais, ademais de promover o Concurso de Bandas e Solistas, que vai pola XIX edición e é un dos concursos de maquetas con máis tradición da península para apoiar a músicos noveis.

CUAC é un espazo de alfabetización mediática e formación de comunicadores sociais. A través da súa Escola de Radio e Asociacionismo, CUAC imparte de balde talleres de iniciación á radio a case cen persoas ano, así como cursos de especialización para mellorar as competencias mediáticas de persoas mozas e adultos. A isto, hai que engadirlle a Escola de Verán de CUAC FM, titulada *Construíndo redes para unha comunicación alternativa*, ou os obradoiros que impartiu en colaboración con outras institucións como o Concello da Coruña, a Unidade de Atención á Diversidade da UDC, a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Xoán Soñador ou a Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE).

Os medios comunitarios como CUAC FM atopan a súa causa no dereito a comunicar a través de calquera medio: un dereito fundamental, proclamado no artigo 19 da Declaración universal dos dereitos humanos, no artigo 10 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e tamén no artigo 20.1.a da Constitución española. Os medios comunitarios están estendidos no contexto europeo.

Tanto o Consello de Europa como o Parlamento Europeo teñen sinalado que os medios do chamado terceiro sector da comunicación son unha ferramenta eficaz para reforzar a diversidade cultural e lingüística, a inclusión social e a identidade local e que contribúen a alcanzar o obxectivo de mellorar a alfabetización mediática da cidadanía mediante a súa participación directa na creación e a difusión de contidos.

Así, na súa Resolución de 24 de xuño de 2008, o Parlamento Europeo insta os estados membros a que poñan a disposición destes proxectos o espectro necesario de frecuencias, analóxico e dixital, de radio e televisión, tendo en conta que o servizo prestado polos medios de comunicación comunitaria debe avaliarse polo valor social que representa.

O desenvolvemento lexislativo deste dereito foi tardío no Estado español, xa que non se produciu ata a Lei 7/2010 de 31 de marzo, Lei xeral da comunicación audiovisual, que dá carta de natureza ao terceiro sector da comunicación, malia que naquela altura levaba funcionando trinta anos. En concreto, o artigo 4 desta lei proclama que todas as persoas teñen dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha pluralidade de medios, tanto públicos, comerciais como comunitarios que reflectan o pluralismo ideolóxico, político e cultural da sociedade.

Do mesmo xeito, no artigo 32.2 establece que a Administración Xeral do Estado debe garantir en todo caso a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para a prestación destes servizos. Por último, no apartado 2 da súa disposición transitoria 14, recolle: “respectando os ámbitos competenciais existentes, tanto o procedemento de concesión da licenza coma a concreción do marco de actuación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro desenvolveranse regulamentariamente nun prazo máximo de doce meses dende a entrada en vigor da presente lei”.

Logo de seis anos de retraso sobre o prazo previsto na Lei 7/2010, os ditos regulamentos continúan sen desenvolverse, a Administración Xeral do Estado non reservou espazo radioeléctrico ningún para estes servizos, nin se outorgou ningunha frecuencia na nosa comunidade autónoma, nin no resto do Estado español para os servizos de comunicación comunitarios preexistentes, o que os deixa nunha situación de clara indefensión e inseguridade xurídica. Pola contra, é de salientar que a Comunidade Foral de Navarra si convocou un concurso para outorgar unha licenza na cidade de Pamplona o pasado 26 de xullo. Outras comunidades autónomas, como Cataluña ou Aragón, tamén deron xa os seus primeiros pasos para regular a concesión de licenzas aos medios comunitarios.

A teor desta situación, solicitamos ao Pleno do Deputación Provincial da Coruña:

1. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaría Xeral de Medios, a buscar fórmulas xurídicas que eviten a sanción ao Colectivo de Universitarios Activos e que xa ten provocado o cese das súas emisións na frecuencia modulada. Así, debe prevalecer o dereito fundamental e constitucional á liberdade de expresión e comunicación por riba de lexislacións inferiores que non desenvolven axeitadamente o dereito da cidadanía a comunicar (artigo 20.1.d CE), tendo en conta que o artigo 9.2 da Constitución española estipula que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

2. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, a abrir un trámite de consulta que permita coñecer os demandantes dun servizo de comunicación audiovisual radiofónico comunitario sen ánimo de lucro existentes en Galicia e así cumprir o Decreto 102/2012, de 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e máis concretamente o artigo 32.2 relativo ao outorgamento de licencias a este tipo de emisoras.

3. Instar a Xunta de Galicia a outorgar unha autorización temporal de emisión en frecuencia modulada a CUAC FM, que garanta o exercicio da liberdade de expresión e comunicación da cidadanía ata que a Administración Xeral e Administración Autonómica regulen axeitadamente o dereito de acceso dos medios comunitarios ao espazo radioeléctrico.

4. Instar o Goberno do Estado a desenvolver de maneira prioritaria a normativa relativa a outorgar autorizacións de emisión a servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro existentes. Así, tal e como dita o Tribunal Constitucional na súa sentenza 98/1994, de 11 de abril de 1994, sobre a vulneración por parte da Administración Pública dos dereitos de liberdade de expresión e comunicación pola omisión de desenvolvemento lexislativo impeditiva do seu exercicio: “Lo que no puede el legislador es diferir «sine die», más allá de todo tiempo razonable y sin que existan razones que justifiquen la demora, la regulación de una actividad, como es en este caso la gestión indirecta de la televisión local por cable, que afecta directamente al ejercicio de un derecho fundamental como son los reconocidos en el art. 20.1 a) y d) C.E., pues la ausencia de regulación legal comporta, de hecho, como ha ocurrido en los supuestos que han dado lugar a los presentes recursos de amparo, no una regulación limitativa del derecho fundamental, sino la prohibición lisa y llana de aquella actividad que es ejercicio de la libertad de comunicación que garantizan los apartados a) y d) del art. 20.1 C.E.”

5. Instar a Administración Xeral do Estado, nomeadamente a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade de Información (SETSI), a habilitar o dominio público radioeléctrico necesario para a prestación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios (art. 32 LGCA). Determinando distintos ámbitos de coberturas (local, autonómico e estatal) nos distintos soportes (radio e televisión), respondendo as solicitudes realizadas polas CC.AA que requiren frecuencias para adxudicarlles ás entidades que solicitan licenzas de Servizos de Comunicación Audiovisual Comunitarios. E a que establezan o procedemento de concesión de licenzas para os servizos de comunicación audiovisual comunitarios previsto na DT 14º da Lei xeral de comunicación audiovisual, que xa chega con máis de seis anos de demora.

6. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, o cumprimento de xeito real, actual e efectivo do artigo 19 da Declaración universal dos dereitos humanos; a Declaración de Maputo: promover a liberdade de expresión, o acceso á información e a emancipación das persoas; as recomendacións na materia dos relatores especiais para a liberdade de expresión da ONU e da OSCE, que recomendan o reparto equitativo do espectro radioeléctrico entre medios públicos, privados comerciais e comunitarios; así como a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o rol dos medios comunitarios para promover a

cohesión social e o diálogo intercultural de 2009; os artigos 20.1 apartados a) e d) da Constitución española; o artigo 4 da Lei xeral de comunicación audiovisual; e a sección terceira do Decreto da Xunta de Galicia 102/2012. Normas e declaracións todas elas coincidentes no papel socialmente beneficioso e imprescindible que xogan os medios do terceiro sector da comunicación.

7. Facer unha declaración institucional de apoio a CUAC FM, a radio comunitaria da Coruña, pola súa labor nos eidos da democratización mediática e o dereito da comunicación, a alfabetización mediática, o vertebramento do tecido asociativo, a dinamización social e cultural e a especial atención aos colectivos desfavorecidos e á sociedade civil organizada da Coruña e a súa área de influencia.”

Sra. Delso Carreira

Bo día, traemos aquí esta moción porque o que está a suceder coa emisora CUAC-FM que, como sabedes, é a única emisora de radio comunitaria que temos na cidade, e seguramente o medio de comunicación máis democrático que temos nesta cidade, é un asunto que entendemos de extrema gravidade e que merece a pena ser tratado neste Pleno.

CUAC FM, como dicía, é unha entidade histórica, un colectivo mantido ata hoxe durante máis de vinte anos, co voluntarismo de centos de persoas, centos que pasaron polas súas instalacións e os seus micros, unha entidade que aínda que está asentada na cidade da Coruña traspasou xa os seus propios límites, acollendo a estudantes e non estudantes da cidade e da comarca, e tamén de moita xente que desde outros concellos da provincia se despraza ata a cidade da Coruña para manter o seu programa, sintonizado o 103.4 a través de internet.

CUAC-FM ademais de ser o reflexo dunha sociedade activa, é tamén o reflexo dunha sociedade solidaria, unha emisora cun labor social coñecido, que acolle programas e actividades con múltiples entidades sociosanitarias da provincia, sendo recoñecida pola utilización da radio como elemento de integración e socialización de colectivos sen espazo nos medios de comunicación convencionais.

Pero o que nos trae a este debate non é falar da acción e do traballo de CUAC FM, senón da situación na que se atopa e que esta pon de relevo. A Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, gobernados polo Partido Popular, vén de emitir un informe sancionador contra CUAC FM, proponendo unha sanción que pode supoñer, e que xa supuxo, o peche desta radio comunitaria e, canto menos, digamos que esta emisora deixou de emitir en FM hai escasamente unhas semanas. Como dicía, esta sanción está supoñendo o seu peche, dado que é totalmente imposible que unha entidade deste tipo afronte unha sanción de máis de 100.000 euros, unha sanción que en concreto pode chegar ata os 200.000 euros. Esta sanción lévase a cabo, non só porque existe unha vontade política deliberada de acabar con esta iniciativa, senón porque ademais hai unha actitude política por parte da Xunta do Partido Popular, que non entendemos.

Por qua a Xunta de Galicia, que ten competencias para isto, non dá amparo aos medios comunitarios?, por qua decide non homologarse a outros tantos países da Unión Europea, e temos precedentes, por exemplo, no caso francés, e leva a cabo o

recoñecemento dos medios comunitarios? Como vimos explicando previamente os medios comunitarios fan tamén un importante labor social, pero non só iso, é que ademais son medios que esixen o dereito a comunicar, o dereito a informar, e cremos que a situación de CUAC é un claro contencioso contra este dereito, por iso queremos que CUAC siga, por iso queremos que exista e que non se ataquen os medios comunitarios, e por iso traemos aquí este debate.

Paso, pois, a dar lectura aos acordos que propoñemos a este Pleno:

En primeiro lugar 1, instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaría Xeral de Medios, a buscar fórmulas xurídicas que eviten a sanción ao Colectivo de Universitarios Activos e que xa ten provocado o cese das súas emisións na frecuencia modulada. Así, debe prevalecer o dereito fundamental e constitucional á liberdade de expresión e comunicación por riba de lexislacións inferiores que non desenvolven axeitadamente o dereito da cidadanía a comunicar (artigo 20.1.d CE), tendo en conta que o artigo 9.2 da Constitución española estipula que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Punto número dous, instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, a abrir un trámite de consulta que permita coñecer os demandantes dun servizo de comunicación audiovisual radiofónico comunitario sen ánimo de lucro existentes en Galicia e así cumprir o Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e máis concretamente o artigo 32.2 relativo ao outorgamento de licenzas a este tipo de emisoras.

Punto número tres, instar a Xunta de Galicia a outorgar unha autorización temporal de emisión en frecuencia modulada a CUAC FM, que garanta o exercicio da liberdade de expresión e comunicación da cidadanía ata que a Administración xeral e Administración autonómica regulen axeitadamente o dereito de acceso dos medios comunitarios ao espazo radioeléctrico.

Punto número catro, instar o Goberno do Estado a desenvolver de maneira prioritaria a normativa relativa a outorgar autorizacións de emisión a servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro existentes. Así, tal e como dita o Tribunal Constitucional na súa sentenza 98/1994, do 11 de abril de 1994, sobre a vulneración por parte da Administración pública dos dereitos de liberdade de expresión e comunicación pola omisión de desenvolvemento lexislativo impeditiva do seu exercicio.

Punto número cinco, instar a Administración Xeral do Estado, nomeadamente a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade de Información (SETSI), a habilitar o dominio público radioeléctrico necesario para a prestación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios (art. 32 LGCA). Determinando distintos ámbitos de coberturas (local, autonómico e estatal) nos distintos soportes (radio e televisión), respondendo as solicitudes realizadas polas Comunidades Autónomas que requiren frecuencias para adxudicarlles ás entidades que solicitan

licenzas de Servizos de Comunicación Audiovisual Comunitarios. E a que establezan o procedemento de concesión de licenzas para os servizos de comunicación audiovisual comunitarios previstos na Disposición transitoria 14º da Lei xeral de comunicación audiovisual, que xa chega con máis de seis anos de demora.

Punto número seis, instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, o cumprimento de xeito real, actual e efectivo do artigo 19 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos; a Declaración de Maputo: promover a liberdade de expresión, o acceso á información e a emancipación das persoas; as recomendacións na materia dos relatores especiais para a liberdade de expresión da ONU e da OSCE, que recomendan o reparto equitativo do espectro radioeléctrico entre medios públicos, privados comerciais e comunitarios; así como a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o rol dos medios comunitarios para promover a cohesión social e o diálogo intercultural de 2009; os artigos 20.1 apartados a) e d) da Constitución española; o artigo 4 da Lei xeral de comunicación audiovisual; e a sección terceira do Decreto da Xunta de Galicia 102/2012. Normas e declaracións todas elas coincidentes no papel socialmente beneficioso e imprescindible que xogan os medios do terceiro sector da comunicación.

E por último, punto número sete, facer unha declaración institucional de apoio a CUAC FM, a radio comunitaria da Coruña, polo seu labor nos eidos da democratización mediática e o dereito da comunicación, a alfabetización mediática, o vertebramento do tecido asociativo, a dinamización social e cultural e a especial atención aos colectivos desfavorecidos e á sociedade civil organizada da Coruña e a súa área de influencia.

Sr. García Seoane

Totalmente de acordo coa moción, eu sei o que é verse privado de poderse expresar en democracia, levamos corenta anos de democracia nos concellos, trinta e oito en concreto, e durante moitísimos anos nós fomos vítimas desas mordazas que se nos querían impoñer desde os gobernos, desde calquera Goberno dos que estivo gobernando en España intentouse poñer mordazas a aqueles que pensabamos distinto e que queríamos expresalo a través dos medios que nos permitía a Constitución española. A Radio de Oleiros estivo selada en máis dunha ocasión, aínda non hai moitos anos obrigáronnos a cambiar a antena, que se ocupabamos máis espazo, que si menos espazo, é dicir, que é un asoballamento continuo e un intentar darlle a voz a determinados medios, que está ben, que están aí, que están para informar tamén, pero medios como este, de colectivos que loitan por dar unha información distinta e unha participación distinta se ven coartados totalmente como acabamos de comprobar, non só pechando emisoras senón ameazando, quero dicir, que neste país róubase por todas as esquinas, saen, non van ao cárcere, non devolven os cartos e méteselles unhas sancións pírricas, nin van ao cárcere, nin nada de nada, e resulta que calquera cidadán que fai un labor democrático, de información e participación, vese ameazado dunha forma vil e inhumana. Polo tanto, totalmente de acordo coa moción.

Sr. Requeira Varela

Bo día, subscribir punto por punto a moción que acaba de verbalizar a deputada Clara Delso da Marea Atlántica, pero non queríamos desaproveitar para, primeiro, denunciar que hai outras emisoras no ámbito provincial que están en situación semellantes, e que tamén necesitan impulso político para legalizar a súa situación e que poidan seguir emitindo, e no caso de CUAC FM recoñecer, primeiro o seu labor, como tal se expresou tamén na propia moción. Nós cremos que o labor social da emisora de radio é a súa frescura e a súa función social que demostraron por que a súa programación estaba aberta a temas e a contidos que noutros ámbitos e noutro tipo de canles e emisoras é moi difícil que teñan ese oco, polo tanto, efectivamente, nós imos votar e subscribir totalmente a moción presentada.

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, en primeiro lugar, CUAC emite sen licenza desde hai vinte e un anos, non imos cuestionar, desde logo, o seu carácter comunitario, como é lóxico, pero desde logo tampouco imos falar de que medios son democráticos, ou máis democráticos ou menos democráticos, o que está claro é que alguén que quere abrir un negocio e non ten licenza, por moito que lla retrase o concello, Sra. Delso, non pode abrir, iso é así. Entón, a día de hoxe están sen licenza. É verdade que a veñen solicitando desde a Lei de 2010, pero tamén é verdade que non contan con ela, e aínda así seguiron emitindo.

O regulamento non se desenvolveu, tamén é certo, pero no expediente que eles teñen, que se iniciou un expediente sancionador, non é que se lles impuxera unha sanción, teñen dereito a alegar e hai unha instrución dun expediente, eles pecharon como medida lóxica, ante o inicio dese expediente.

No expediente, como dicía, hai un informe que di que hai un consenso a nivel internacional clarísimo, sobre a necesidade de atribuír novas bandas de frecuencias a servizos móbiles, e que obrigará a reducir ou a limitar as frecuencias destinadas ao servizo de comunicación audiovisual. Isto é o que obrigou a atrasar o desenvolvemento regulamentario e a planificación de novas frecuencias de televisión e de radio.

Tampouco nada impediu a CUAC FM a presentarse a un concurso público que houbo no ano 2012, as bases foron recorridas, pero o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, -eu boto un pouco de leria por poñernos en antecedentes-, eles presentáronse a un concurso, as bases foron recorridas pola Asociación Red de medios comunitarios, da que forma parte CUAC e o recurso foi desestimado, presentáronse ao concurso e non foron adxudicatarios en vista das puntuacións resultantes.

Finalmente, en virtude de denuncia, non de oficio, en virtude de denuncia, cunha acta de inspección, iníciase por parte da Xunta o expediente sancionador. É obriga de calquera órgano administrativo, en virtude dunha denuncia inicial. A continuación instrúese o expediente, hai unha instrutora, eu recibín a representantes de CUAC, eu recibinos, e fun moi clara con eles, e eles comigo, tamén é verdade,

porque eu díxenlles, cal é a fórmula legal, eles pedían un acordo político, para que ese expediente non acabe nunha sanción, cal é a fórmula legal, hai que buscala entre todos, se a tedes. Por certo, a Asesoría Xurídica, o Concello da Coruña, utilizouna para ir en contra dun medio de comunicación e para revisar unha moción, pois que a utilice para buscar esa fórmula. Eu pregunteillo a eles, a que me dixeron é que a Secretaría Xeral deixe caducar o expediente, e iso, Sra. Delso, chámase prevaricación.

Eu síntoo moito pero nós, moción de apoio a CUAC como radio, como medio comunitario, o que queiran, pero desde logo apoiar a instar a prevaricar, desde logo que non imos facelo.

Sr. Dios Diz

Simplemente para manifestar o apoio á proposta de Marea Atlántica.

Sra. Delso Carreira

Varias cuestións. Aquí do que se está a falar é dunha lexislación que a Xunta de Galicia quere cumprir por partes. O que non se entende é como estades aplicando esta lei por partes. Facía mención na moción á Lei xeral de comunicación audiovisual, na súa Disposición transitoria 14, que di que os servizos audiovisuais comunitarios sen ánimo de lucro que estivesen emitindo antes do ano 2009 terán acceso a estas licenzas no mesmo ámbito no que se desenvolve a actividade. Esta Disposición transitoria fala de 2009, pero que é CUAC FM emite desde o ano 1996, é dicir, que esta licenza xa se lle tería que ter dada.

Pero é que o máis grave é que o que se lle está aplicando a CUAC é o procedemento sancionador desta lei, obviando o que acabo de mencionar, a disposición transitoria e o dereito que esta emisora ten a contar con esa licenza, por estar emitindo desde hai vinte e un anos, como dicíamos. Se isto non é unha decisión política, unha toma de posición deliberada, explíquenllos vostedes o que é .

A ese concurso que vostede facía mención, Sra. Gallego, teño que lembrarlle que só se deron licenzas comerciais, non se deu nin unha soa licenza comunitaria.

As administracións públicas temos a obriga de garantir dereitos, dereitos básicos como os que estamos a falar, e vostedes simplemente non teñen consideración e non teñen ningún interese de garantir estes dereitos e fan tomas de posición, e queren restar, non queren dar directamente espazos aos medios comunitarios.

Sra. Gallego Neira

Gustaríame responderlle. Non se aplica a lei por partes, a lei di que ten que haber un desenvolvemento regulamentario, non existe, polos motivos que xa expuxen, non me vou poñer a ler todo o informe agora, eles teñen ese informe. O que está claro é que de oficio non actuou a Xunta de Galicia, de feito levan vinte e un anos, podíase ter sancionado moito antes, non, iniciouse o expediente porque hai

unha acta e unha denuncia, e agora instrúese o expediente, aquí hai unha instrutora, eu díxenllo a eles, unha instrutora que é quen ten que concluír que é o que pasa e cal é o motivo, e que é o que eles alegaron, porque creo que presentaron alegacións, para que non se lles sancione, que aleguen todo iso e resolverase, non é que se aplique, é que a lei hai que aplicala para todos igual, non para uns si e para outros non. Dereitos?, dereitos tamén ten moita xente nesta cidade e non se ven cumpridos. Nada máis, grazas.

Sra. Delso Carreira

Simplemente, por rematar, pero vostedes están alegando uns motivos técnicos por diante de dereitos fundamentais, e ademais de que non é certo é unha mala excusa para non cumprir a lei. O curioso é que eses motivos técnicos non operen en Francia, non operen en Irlanda, en Alemaña, en Portugal, en Reino Unido, nin en Nepal, por exemplo, eses motivos técnicos impiden que se dean licenzas a radios comunitarias. En Arabia Saudita, curiosamente, si.

Sra. Gallego Neira

É que os motivos técnicos, ou sexa, as leis hai que aplicalas, aquí, en Arabia Saudita e en Cataluña, en todas partes, xa sabemos que vostedes están doutro lado, pero realmente a lei hai que aplicala en todas partes, non é que a nosoutros nos guste, non nos guste, nin nos deixe de gustar, o tema é que hai unha lei que se incumpre e non hai máis, e non facer cumprir a lei chámase prevaricar, e alá cadaquén co que queira facer, porque xa vemos como está gobernado este concello tamén.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA SOBRE A INCOACIÓN DUN EXPEDIENTE SANCIONADOR Á EMISORA CUAC FM.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 21 de setembro a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, comunicoulle a CUAC FM a incoación dun expediente sancionador por emitir “sen dispor da correspondente licenza”. CUAC (Colectivo de Universitarios Activos) expónse a unha sanción administrativa que vai dos 100.001 aos 200.000 €.

CUAC FM é unha das poucas emisoras comunitarias que existen en Galicia e a única establecida na cidade da Coruña. CUAC FM, ademais de ser un medio de comunicación comunitario sen ánimo de lucro, é un proxecto asociativo, cultural e educativo, que garante o acceso e a participación democrática da cidadanía na xestión dun medio de comunicación e nos seus contidos. O Colectivo de Universitarios Activos naceu en 1995 co fin de garantir o exercicio do dereito de acceso á comunicación e a liberdade de expresión da cidadanía e desenvolveu a súa actividade de maneira continuada os 365 días do ano.

CUAC FM comezou as súas emisións o 27 de marzo de 1996 dende o Campus Universitario de A Zapateira en virtude dun convenio de colaboración coa Universidade da Coruña. Desde entón, pasaron polos seus micrófonos 452 programas e máis de 1.200 persoas facendo comunicación radiofónica de xeito regular. En CUAC FM, participan actualmente 120 socios e socias: persoas a título particular e institucións. Así, CUAC dá voz entre outras a entidades sociais como CASCO (Comité Ciudadano AntiSida de Coruña), Amnistía Internacional, ADEGA, Colexio Calasanz PP.Escolapios, Fundación Albergue Padre Rubinos, Asociación Cultural Alexandre Bóveda, UTACAAsociación de Ex-alcohólicos de A Coruña, Asociación Radio Prometea, ASPACE, Proxecto Cárcere, Iniciativa A CAMPA, ou a Universidade Sénior da UDC.

CUAC FM emite a través do 103.4 da FM desde o primeiro día sen interferir ou prexudicar nunca a emisión de ningunha outra estación de radio en Galicia. A súa cobertura por ondas abrangue boa parte da área metropolitana da Coruña mais tamén pode escoitarse en todo o mundo a través de Internet: de feito, foi a primeira emisora local da cidade da Coruña que emitiu pola rede tanto en *podcasting* como en *streaming* e tamén foi a primeira en desenvolver aplicacións en mobilidade propias.

CUAC FM desenvolve tamén unha intensa actividade asociativa ao ser co-fundadora e sede da entidade máis representativa do sector en todo o estado, a Rede de Medios Comunitarios (ReMC). Tamén é co-fundadora da Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias (REGARLIC) e membro da Asociación Mundial de Radios Comunitarias (AMARC), en cuxo Consello de Dirección en Europa participa.

As actividades de CUAC FM son moitas e ben coñecidas. Nestes máis de 20 anos, desenvolveu obradoiros, palestras, o Congreso Europeo de Medios do Terceiro Sector, ciclos de concertos, actividades escénicas e teatrais, ademais de promover o Concurso de Bandas e Solistas, que vai pola XIX edición e é un dos concursos de maquetas con máis tradición da península para apoiar a músicos noveis.

CUAC é un espazo de alfabetización mediática e formación de comunicadores sociais. A través da súa Escola de Radio e Asociacionismo, CUAC imparte de balde talleres de iniciación á radio a case cen persoas ano, así como cursos de especialización para mellorar as competencias mediáticas de persoas mozas e adultos. A isto, hai que engadirlle a Escola de Verán de CUAC FM, titulada *Construíndo redes para unha comunicación alternativa*, ou os obradoiros que impartiu en colaboración con outras institucións como o Concello da Coruña, a Unidade de Atención á Diversidade da UDC, a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago

de Compostela, a Fundación Xoán Soñador ou a Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE).

Os medios comunitarios como CUAC FM atopan a súa causa no dereito a comunicar a través de calquera medio: un dereito fundamental, proclamado no artigo 19 da Declaración universal dos dereitos humanos, no artigo 10 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e tamén no artigo 20.1.a da Constitución española. Os medios comunitarios están estendidos no contexto europeo.

Tanto o Consello de Europa como o Parlamento Europeo teñen sinalado que os medios do chamado terceiro sector da comunicación son unha ferramenta eficaz para reforzar a diversidade cultural e lingüística, a inclusión social e a identidade local e que contribúen a alcanzar o obxectivo de mellorar a alfabetización mediática da cidadanía mediante a súa participación directa na creación e a difusión de contidos. Así, na súa Resolución de 24 de xuño de 2008, o Parlamento Europeo insta os estados membros a que poñan a disposición destes proxectos o espectro necesario de frecuencias, analóxico e dixital, de radio e televisión, tendo en conta que o servizo prestado polos medios de comunicación comunitaria debe avaliarse polo valor social que representa.

O desenvolvemento legislativo deste dereito foi tardío no Estado español, xa que non se produciu ata a Lei 7/2010 de 31 de marzo, Lei xeral da comunicación audiovisual, que dá carta de natureza ao terceiro sector da comunicación, malia que naquela altura levaba funcionando trinta anos. En concreto, o artigo 4 desta lei proclama que todas as persoas teñen dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha pluralidade de medios, tanto públicos, comerciais como comunitarios que reflectan o pluralismo ideolóxico, político e cultural da sociedade.

Do mesmo xeito, no artigo 32.2 establece que a Administración Xeral do Estado debe garantir en todo caso a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para a prestación destes servizos. Por último, no apartado 2 da súa disposición transitoria 14, recolle: “respectando os ámbitos competenciais existentes, tanto o procedemento de concesión da licenza coma a concreción do marco de actuación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro desenvolveranse regulamentariamente nun prazo máximo de doce meses dende a entrada en vigor da presente lei”.

Logo de seis anos de retraso sobre o prazo previsto na Lei 7/2010, os ditos regulamentos continúan sen desenvolverse, a Administración Xeral do Estado non reservou espazo radioeléctrico ningún para estes servizos, nin se outorgou ningunha frecuencia na nosa comunidade autónoma, nin no resto do Estado español para os servizos de comunicación comunitarios preexistentes, o que os deixa nunha situación de clara indefensión e inseguridade xurídica. Pola contra, é de salientar que a Comunidade Foral de Navarra si convocou un concurso para outorgar unha licenza na cidade de Pamplona o pasado 26 de xullo. Outras comunidades autónomas, como Cataluña ou Aragón, tamén deron xa os seus primeiros pasos para regular a concesión de licenzas aos medios comunitarios.

A teor desta situación, solicitamos ao Pleno do Deputación Provincial da Coruña:

1. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaría Xeral de Medios, a buscar fórmulas xurídicas que eviten a sanción ao Colectivo de Universitarios Activos e que xa ten provocado o cese das súas emisións na frecuencia modulada. Así, debe prevalecer o dereito fundamental e constitucional á liberdade de expresión e comunicación por riba de lexislacións inferiores que non desenvolven axeitadamente o dereito da cidadanía a comunicar (artigo 20.1.d CE), tendo en conta que o artigo 9.2 da Constitución española estipula que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

2. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, a abrir un trámite de consulta que permita coñecer os demandantes dun servizo de comunicación audiovisual radiofónico comunitario sen ánimo de lucro existentes en Galicia e así cumprir o Decreto 102/2012, de 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e máis concretamente o artigo 32.2 relativo ao outorgamento de licencias a este tipo de emisoras.

3. Instar a Xunta de Galicia a outorgar unha autorización temporal de emisión en frecuencia modulada a CUAC FM, que garanta o exercicio da liberdade de expresión e comunicación da cidadanía ata que a Administración Xeral e Administración Autonómica regulen axeitadamente o dereito de acceso dos medios comunitarios ao espazo radioeléctrico.

4. Instar o Goberno do Estado a desenvolver de maneira prioritaria a normativa relativa a outorgar autorizacións de emisión a servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro existentes. Así, tal e como dita o Tribunal Constitucional na súa sentenza 98/1994, de 11 de abril de 1994, sobre a vulneración por parte da Administración Pública dos dereitos de liberdade de expresión e comunicación pola omisión de desenvolvemento lexislativo impeditiva do seu exercicio: “Lo que no puede el legislador es diferir «sine die», más allá de todo tiempo razonable y sin que existan razones que justifiquen la demora, la regulación de una actividad, como es en este caso la gestión indirecta de la televisión local por cable, que afecta directamente al ejercicio de un derecho fundamental como son los reconocidos en el art. 20.1 a) y d) C.E., pues la ausencia de regulación legal comporta, de hecho, como ha ocurrido en los supuestos que han dado lugar a los presentes recursos de amparo, no una regulación limitativa del derecho fundamental, sino la prohibición lisa y llana de aquella actividad que es ejercicio de la libertad de comunicación que garantizan los apartados a) y d) del art. 20.1 C.E.”

5. Instar a Administración Xeral do Estado, nomeadamente a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade de Información (SETSI), a habilitar o dominio público radioeléctrico necesario para a prestación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios (art. 32 LGCA). Determinando distintos ámbitos de coberturas (local, autonómico e estatal) nos distintos soportes (radio e televisión),

respondendo as solicitudes realizadas polas CC.AA que requiren frecuencias para adxudicarlles ás entidades que solicitan licenzas de Servizos de Comunicación Audiovisual Comunitarios. E a que establezan o procedemento de concesión de licenzas para os servizos de comunicación audiovisual comunitarios previsto na DT 14º da Lei xeral de comunicación audiovisual, que xa chega con máis de seis anos de demora.

6. Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaria Xeral de Medios, o cumprimento de xeito real, actual e efectivo do artigo 19 da Declaración universal dos dereitos humanos; a Declaración de Maputo: promover a liberdade de expresión, o acceso á información e a emancipación das persoas; as recomendacións na materia dos relatores especiais para a liberdade de expresión da ONU e da OSCE, que recomendan o reparto equitativo do espectro radioeléctrico entre medios públicos, privados comerciais e comunitarios; así como a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o rol dos medios comunitarios para promover a cohesión social e o diálogo intercultural de 2009; os artigos 20.1 apartados a) e d) da Constitución española; o artigo 4 da Lei xeral de comunicación audiovisual; e a sección terceira do Decreto da Xunta de Galicia 102/2012. Normas e declaracións todas elas coincidentes no papel socialmente beneficioso e imprescindible que xogan os medios do terceiro sector da comunicación.

7. Facer unha declaración institucional de apoio a CUAC FM, a radio comunitaria da Coruña, pola súa labor nos eidos da democratización mediática e o dereito da comunicación, a alfabetización mediática, o vertebramento do tecido asociativo, a dinamización social e cultural e a especial atención aos colectivos desfavorecidos e á sociedade civil organizada da Coruña e a súa área de influencia.”

Sr. Presidente

Hai tres mocións fóra da orde do día, relacionadas todas elas co mesmo tema, coa vaga de incendios forestais de hai uns días, e polo tanto, primeiro imos ratificar a urxencia de cada unha delas, e eu propoño que se faga un debate único porque loxicamente é o mesmo tema, e a votación por separado, evidentemente.

II. MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL POPULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA

EXPOSICION DE MOTIVOS

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.

Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os mais de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 autobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara.

Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e

áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia.

Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.

O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.

Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atender ás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.

En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viron como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivendas, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Por todo isto, o grupo provincial do PP solicita ao Pleno da corporación provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a todos os profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración

cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado para que se una á Xunta de Galicia e participe na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes.

5.- Asumir no ámbito competencial da Deputación da Coruña, de acordo co artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, o cofinanciamento necesario para a reparación dos danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.

III.MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA, PARA O IMPULSO DUN ACORDO NACIONAL PARA O MONTE GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fin de semana do 15 de outubro, Galicia sufriu unha trágica vaga de lumes na cal chegaron a estar activos máis de 130 incendios forestais. Arderon máis de 35.000 hectáreas de terreo, puxo en risco e calcinou vivendas e diversas propiedades, e causou o dano irreparable da morte de catro persoas.

É evidente que o noso país ten un gravísimo problema co lume, continuo ao longo dos anos, e que se está a agravar por mor do cambio climático. Desde a Administración Autonómica, o esforzo centrouse na extinción dos lumes, pero a evidencia apunta a que son precisas medidas de índole estrutural.

Os incendios forestais non se poden tratar como cuestión independente da ordenación do territorio, ou das políticas vinculadas ao sector gandeiro e agrícola. Son precisas medidas a medio e longo prazo que esixen o consenso de todos os axentes implicados, sexan políticos, sociais ou empresariais.

Tampouco se pode simplificar o debate ao redor do lume, poñendo o foco unicamente en quen ou como se prende a primeira chama, ou falando de tramas organizadas das cal non temos ningún indicio, despois de 30 anos utilizando o argumento por parte de diversos responsables públicos.

Loitar contra os incendios forestais implica traballar para termos un monte integrado, no que se aproveiten os recursos naturais de xeito sostible e sen comprometer a súa viabilidade. Esixe capacidade de diálogo, vontade de actuar, e flexibilidade para mudar unha perigosa realidade que, como se vén demostrando ano tras ano, é moi difícil de abordar unha vez comeza o incendio.

Por estes motivos, propónse ao Pleno da Deputación provincial de A Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1.- A Deputación Provincial de A Coruña amosa a súa solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas e feridas –e as súas familias-, coas persoas que perderon propiedades, e cos concellos afectados. Así mesmo, agradece e recoñece o seu esforzo e dedicación a todos os profesionais de distintos ámbitos e á cidadanía que colaboraron na extinción dos incendios.

2.- A Deputación Provincial de A Coruña insta á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia a impulsar un “Acordo nacional para o monte galego”, que permita superar a situación actual de desastre ambiental e social. Este acordo implica o deseño e execución dunha nova política forestal, e de promoción dos sectores agrícola e gandeiro, partindo de análises multidisciplinares, que achegue solucións a longo prazo para as próximas décadas. Este acordo deberá recoller, como mínimo, as seguintes cuestións:

- Implicación de todos os sectores e axentes implicados, co obxecto de lograr un consenso de base social, e a reversión da tendencia de gasto público, destinando máis esforzo ao sector primario como vía para reducir os custes de prevención e extinción.

- Un novo modelo de xestión do monte galego, que ademais dos aspectos industriais recolla as súas funcións ecosistémicas e sociais, e o impulso de prácticas “naturalizadoras” que teñan en conta a fauna e flora autóctonas, así como a complexidade dos ecosistemas. Este modelo debe incluír unha moratoria para a plantación de eucalipto, a súa eliminación nos espazos protexidos, e a fixación dun límite para a ocupación do territorio por monocultivos de especies pirófitas.

-O establecemento dun dispositivo único e de carácter público de loita contra os incendios, que progresivamente implique a eliminación de todas as contratacións de persoal alleas ao servizo público, así como a redución da precariedade e da desigualdade laboral que actualmente padecen grande parte destes traballadores.

-Derrogación ou adaptación de toda a lexislación que prime o aproveitamento industrial do monte fronte aos usos tradicionais e comunitarios e a xestión ordenada e sustentable do territorio, e nomeadamente, a Lei de Fomento da Implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

3.- A Deputación Provincial de A Coruña insta á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

IV.MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS E PSdG-PSOE PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS CO FIN DE EVITAR UNHA NOVA VAGA DE INCENDIOS FORESTAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A traxedia da vaga de lumes forestais que acaba de arrasar Galicia provocou a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco moitos núcleos urbanos e miles de persoas e deixou centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas. É evidente, pois, que é preciso desenvolver unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, tanto na posta en valor dos terreos forestais como nas medidas preventivas e de deseño do propio dispositivo de loita contra os incendios forestais, que senten as bases para que episodios como estes non se volvan producir, ou cando menos non acaden a gravidade do acontecido nestes días.

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA

1.Mostrar a súa solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas e feridas –e as súas familias- e cos concellos afectados.

2. Instar á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e por lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

3. Instar as diferentes forzas políticas con representación no Parlamento galego e sentar as bases para lograr un acordó polo monte galego e por unha nova política forestal.

4. Instar a todas as administración para comprometerse en desenvolver unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

5. Instar a Xunta de Galicia a reformular o Servizo de Defensa contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único, de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

En primeiro lugar, simplemente, creo que despois do debate das mocións vai tomarse razón do abandono da Corporación dun deputado, á parte do deputado noso, Gurmersindo, que tamén deixa hoxe a Corporación e, polo tanto, gustárame antes de comezar a miña exposición respecto desta moción facer un recoñecemento ao seu traballo que supoño que é extensible a todos os membros da Corporación, e gustárame simplemente facer un recoñecemento aos dous compañeiros, pero especialmente gustárame facer unha lembranza de Julio Sacristán, simplemente porque a verdade é que como xa peiteamos algunhas canas, a verdade teño que facer unha reflexión ao respecto de que o Partido Popular permitíume ao longo da miña vida ter diferentes responsabilidades, e a verdade é que comecei no 94 de subdirector, no 98 de director xeral, no 2006 na empresa privada, estou seguro que o amigo Julio non se lembra, no 2009 conselleiro e no 2015 deputado provincial, polo tanto, compañeiro nesta Corporación, e a verdade é que teño que dicir, e gustárame que constara en acta, que Julio sempre tivo un carácter cordial e dialogante, e como tiveron moitas e diferentes responsabilidades e ocupacións, a verdade é que creo que é unha grande virtude poder manter esa actitude cordial e dialogante con independencia da relación, digamos e dos intereses que tiveramos no ámbito político e incluso no ámbito doutras responsabilidades.

A verdade é que non teño ningunha dúbida de que a súa principal característica foi que sempre por riba de calquera cuestión estaba o interese dos seus veciños, e iso é de admirar e é de imitar, e a verdade que esa característica, o diálogo e a cordialidade, saber diferenciar o ámbito persoal do ámbito político, sinceramente creo que é algo que debería de ser imitado tamén no futuro, polo tanto, moita sorte e estou seguro que seguirás dando moitísimo desde calquera sitio.

Imos ao que preocupa e ocupa nestas mocións, nós loxicamente estamos preocupados polo que aconteceu en Galicia hai uns días e o primeiro que temos é que manifestar o noso pésame, a nosa solidariedade, por suposto ao respecto das persoas damnificadas, dos seus familiares, e especialmente, loxicamente, das catro vítimas mortais que aconteceron na nosa Comunidade Autónoma co episodio da vaga de lumes que tivemos en Galicia, pero a verdade é que nós presentamos unha moción, que imos defender, e tamén xa adianto que o que non imos é apoiar ningunha das mocións que presentan o resto dos Grupos, posto que nós cremos que o que non se pode é criticar de xeito xeneralizado, como pretenden facer o resto das mocións, o que aconteceu, sen argumentos e sen facer unha reflexión ao respecto loxicamente das razóns, das causas e das motivacións dese episodio, que é certo que pode ser debido a moitos factores, pero loxicamente non podemos esquecer o que nós consideramos que é o factor primordial, o máis importante.

É evidente que estamos ante unha vaga de lumes que non é froito da casualidade, nós afirmamos que estamos ante un acto que poderíamos cualificar, sen lugar a dúbidas, de acto terrorista. Estamos a falar de que Galicia é un obxecto dun ataque de persoas que aproveitan unhas determinadas circunstancias para producir un evidente dano no noso medio, e entendemos que esa é a principal cuestión que debe de poñer enriba da mesa calquera reflexión que fagamos ao respecto dos lumes na nosa Comunidade Autónoma. Nós cremos que non é de recibo, que non é xusto tamén cuestionar todo o que se fixo e todo o que se está a facer respecto da situación do rural e da situación dos montes da nosa Comunidade Autónoma, non se pode e non se debe ignorar, nin tratar de ocultar todo o que se leva feito, que se fixo e o que se seguirá a facer para evitar a propagación e a existencia de lumes no noso territorio.

Nós temos que recordar, precisamente, que existen medidas legislativas, estatais e autonómicas, adoptadas ao longo dos derradeiros anos para actuar e evitar a propagación dos lumes e actuar no desenvolvemento do noso rural. E tamén temos que lembrar que existen investimentos importantes no eido da prevención. Non é certo que o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado unicamente están ocupados e preocupados pola extinción, senón que tamén existe unha política de prevención. Existe tamén unha política de desenvolvemento rural importante que prioriza as políticas que permiten recuperar problemas ligados ao rural, como pode ser, por exemplo, a despoboación.

Existe tamén unha actuación continua e continuada do Goberno da Xunta de Galicia respecto da colaboración cos concellos na prevención. Gustaríame lembrar que o Goberno da Xunta dedica once millóns de euros anuais para a contratación de brigadas de prevención. Existen tamén axudas para tarefas de prevención e, polo tanto, as mocións que se presenten ao respecto desta cuestión non deberían de esquecer que existen esas axudas para tarefas de prevención. Existen axudas tamén para os concellos, para rozas, para clareos, para puntos de auga, para as sociedades de fomento forestal, catro millóns de euros cada ano, polo tanto estamos a falar de importantes investimentos. Existe unha actuación continua e continuada da Xunta de Galicia para o mantemento de 10.500 hectáreas de cortalumes propios e existe unha planificación, a Xunta de Galicia está traballando nunha planificación do monte para conseguir o seu máximo rendemento. Pero, obviamente, a pesar de todas esas actuacións da Xunta de Galicia, temos que ir á orixe e ao motivo da vaga de lumes, especialmente da que aconteceu a pasada fin de semana.

Non é a falta de prevención, non é que o operativo non sexa eficaz, nós non podemos apoiar ningunha moción que pretenda dicir que hai que mudar os servizos de extinción, que hai que mudar o operativo, posto que o operativo é evidente que foi eficaz ao longo de todos os meses deste ano, agás ese episodio da fin de semana do que estamos a falar, posto que, máis ou menos, números grosos, o número de hectáreas queimadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2017, foi de 11.000 hectáreas. Houbo un episodio que asolou 35.000 en dous días, o dispositivo era o mesmo, funcionou durante once meses, e deixou de funcionar porque loxicamente todos fomos testemuña dun episodio meteorolóxico absolutamente extremo, dunhas temperaturas absolutamente extremas, e tamén dunha actuación criminal, incendiaria, que é evidente que aconteceu desde o momento en que, por exemplo, entre as oito da noite sábado e as sete da mañá do domingo tiveron lugar o inicio de aproximadamente o 60% dos incendios dese día, xusto pola noite, e xusto cando as condicións meteorolóxicas eran peores.

Polo tanto, nós cremos que non se pode cuestionar na súa integridade o dispositivo, non se pode cuestionar o tema dos medios, posto que en todos os anos dos dispositivos contra o lume nunca houbo máis efectivos que no mes de outubro de 2017, pero o que si que temos é que reflexionar ao respecto da temperatura, absolutamente anormal, 35 graos durante o día, 25 pola noite, da seca que estamos a padecer, tamén do efecto do furacán Ofelia e, polo tanto, todas esas circunstancias, alentadas por esa actividade incendiaria, fixo que se rexistraran ata 150 incendios ao día.

Polo tanto, nós cremos que é o momento en primeiro lugar de agradecer o esforzo, o traballo e a dedicación dos medios dispostos pola Xunta de Galicia neste operativo contra incendios, en primeiro lugar. En segundo lugar cremos que é o momento de instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención, cumprindo coa normativa vixente, posto que tamén os concellos, a propia Deputación, pero tamén os concellos temos que ser conscientes, e deben ser conscientes de que é necesario que os veciños cumpran a normativa, posto que a normativa está para iso. En terceiro lugar, creo que é o momento tamén, cremos o noso Grupo, que é o momento de solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, reestablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que a precipitación que poida acontecer no futuro poida causar riadas e danos nos bancos marisqueiros. En cuarto lugar cremos que tamén hai que instar, a pesar de que xa existe vontade por parte da Administración central de axudar e colaborar nesta tarefa da rexeneración, instar o Estado para que se una á Xunta de Galicia e participe na concesión das axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes e, por último, no ámbito da provincia da Coruña, e a pesar de que esta provincia foi unha excepción ao respecto desa vaga de lumes, creo que tamén tivemos algún episodio e, polo tanto, a Deputación da Coruña, de acordo co artigo 38 da Lei de emerxencias de Galicia debería de comprometerse ao cofinanciamento necesario para a reparación dos danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.

Esa é a nosa proposta, posto que cremos que durante este episodio quedou acreditado que o servizo de extinción de incendios da Comunidade Autónoma de

Galicia é dos mellores, por non dicir o mellor de Europa, e non o dicimos nós, dío a propia Unión Europea, que os servizos funcionaron correctamente, que a Administración autonómica estivo onde tiña que estar, tamén a meirande parte das administracións municipais e que, polo tanto, é o momento en primeiro lugar de facer ese agradecemento e en segundo lugar de artellar as medidas necesarias para que a normalidade regrese ao noso rural o máis axiña posible. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Presidente

Hai unha segunda moción presentada por Compostela Aberta e Marea Atlántica

Sr. Díaz Grandío

Bo día, antes de comezar queríamos motivar un pouco a presentación desta moción xa que en días pasados vimos como os distintos Grupos provinciais ían presentando distintas tomas de posición sobre os incendios que na pasada semana arrasaron co noso patrimonio natural e quixemos dar o noso prisma particular sobre esta situación.

É por iso que presentamos este texto no que facemos unha chamada de atención non só á administración, senón a moitos outros sectores, a partidos políticos e a outros axentes para que se unan, co fin de que non volvamos vivir nunca máis unha situación parecida á que vivimos, unha situación penosa, crítica e, desde o noso punto de vista, intolerable e inxusta.

Paso a ler entón os puntos de acordo da nosa moción, o punto sería: A Deputación Provincial da Coruña amosa a súa solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas e feridas –e as súas familias-, coas persoas que perderon propiedades, e cos concellos afectados. Así mesmo, agradece e recoñece o seu esforzo e dedicación a todos os profesionais dos distintos ámbitos e á cidadanía que colaboraron na extinción dos incendios.

O punto dous, a Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia a impulsar un “Acordo nacional para o monte galego”, que permita superar a situación actual de desastre ambiental e social. Este acordo implica o deseño e execución dunha nova política forestal, e de promoción dos sectores agrícola e gandeiro, partindo de análises multidisciplinares, que achegue solucións a longo prazo para as próximas décadas. Este acordo debería recoller, como mínimo, as seguintes cuestións:

- A implicación de todos os sectores e axentes implicados, co obxecto de lograr un consenso de base social, e a reversión da tendencia de gasto público, destinando máis esforzo ao sector primario como vía para reducir os custos de prevención e extinción.
- Un novo modelo de xestión do monte galego, que ademais dos aspectos industriais recolla as súas funcións ecosistémicas e sociais, e o impulso de prácticas “naturalizadoras” que teñan en conta a fauna e flora autóctonas, así como a complexidade dos ecosistemas. Este modelo debe incluír unha moratoria para a

plantación de eucalipto e a súa eliminación nos espazos protexidos, e a fixación dun límite para a ocupación do territorio por monocultivos de especies pirófitas.

-O establecemento dun dispositivo único e de carácter público de loita contra os incendios, que progresivamente implique a eliminación de todas as contratacións de persoal alleas ao servizo público, así como a redución da precariedade e da desigualdade laboral que actualmente padecen grande parte destes traballadores.

-A derogación ou adaptación de toda a lexislación que prime o aproveitamento industrial do monte fronte aos usos tradicionais e comunitarios e a xestión ordenada e sustentable do territorio, e nomeadamente, a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

E o punto tres, sería, a Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

Sr. Presidente

Hai unha terceira moción presentada polo PSdG, BNG e Alternativa dos Veciños.

Sr. Requeira Varela

Bo día de novo. Antes de nada expresar a solidariedade tamén dos tres grupos que subscribimos esta moción coas vítimas, cos seus familiares e cos concellos afectados e intentar, eu que teño intervencións bastante breves neste Pleno, porque me considero máis de Twitter que de Facebook, hoxe voume tomar unha pequena licenza, e aínda que non vou ser tampouco moi extenso na miña exposición, si me gustaría, sobre todo, refrescar a historia, porque está ben recuperar a memoria en todos os ámbitos e neste tamén.

Na intervención do portavoz do Partido Popular na exposición de motivos da súa moción, a veces recordoume a Felipe II coa Armada Invencible, pero eu creo que non todo se pode resumir así, e evidentemente eu creo que hai que analizar as cuestións, sobre todo cando son tan importantes como a vaga de lumes que acabamos de sufrir.

Emulando á vicepresidenta do Estado, do Partido Popular, vou abrir comiñas, e vou ler textualmente, nunha entrevista que se lle facía a Alberto Núñez Feijoo no ano 2006, na vaga de lumes que tivo que xestionar o bipartito da Xunta. O titular nesa entrevista, con comiñas abertas é *“Es evidente que ha habido relajación por parte de la Xunta”*, iso dicíao Alberto Núñez Feijoo en medio dunha Galicia ardendo, pecho comiñas, e como diría o presidente do Estado, fin da cita, pero hai máis citas. Dicía tamén o candidato á presidencia da Xunta naquel momento, o presidente actual, que, abro comiñas outra vez, *“debería haber un dispositivo único cun mandato unificado no*

que se coordinen todos os medios, autonómicos, estatais, locais e un verdadeiro gabinete de crise permanente”, pois ben, eu quero recordar que a portavoz do Grupo que eu represento nesta Cámara, Ana Pontón, o 10 de xuño mandou por carta ao presidente da Xunta unha oferta de diálogo e de que se convocara a todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia para mirar como se tiña que xestionar o verán que tiñamos por diante a nivel de incendios forestais, xa incluso intentando antepoñerse ao que desgraciadamente finalmente se deu. Esa carta, a día de hoxe, aínda está sen respostar, era unha oferta de diálogo claro, inclusiva, na que se lle daba participación, ademais das forzas políticas, ás comunidades de montes, etc., etc., porque hai algún distrito forestal que en oito anos non recibiu nin sequera un tractor para os labores de mantemento do monte, curiosamente, en oito anos.

Pero dicía que ía facer un pouco de memoria. Eu podía ler esta entrevista ou moitas outras, pero gustaríame refrescar algunhas das imaxes e algunhas das intervencións que tivo o Partido Popular no ano 2006, porque isto da trama incendiaria xa o vivimos con Romay Beccaría como conselleiro de Agricultura, xa nos anos 90, cando ardía o monte de Galicia por todas as partes, o conselleiro de Agricultura dicía que había tramas incendiarias. Curiosamente as investigacións policiais nunca chegaron máis alá de encontrar, como neste caso, algún señor que estaba asando os chourizos e escapóuselle o lume ou algunha señora que tivo negligencia á hora de controlar á queima de restrebas. Polo tanto, as tramas incendiarias é un mito de cando goberna o Partido Popular e en cambio esquécense enseguida cando gobernan outras forzas políticas nos ámbitos onde hai competencias.

Eu vou recordar algúns titulares, teño aquí un montón deles, pero non vou lellos todos porque non me parece nin sequera aconsellable, e fágoo porque para min é triste que esta moción chegue así, presentada polo Partido Popular e da forma que a ten presentada, culpando a todo o mundo, pero non axexando ningún tipo de autocrítica á hora de tamén recoñecer que hai unha mala xestión no tema do lume do monte galego.

No ano 2006 cando Feijoo fixo aquela famosa foto con mocasíns, pantalón vaqueiro e camisa de domingo nun incendio en Meis, díxéronse cousas gravísimas, pero acusouse a un vicepresidente da Xunta, e recordo as palabras textuais de Rafael Louzán, presidente do Partido Popular en Pontevedra, acusando a un vicepresidente da Xunta de incendiario coa complicidade do que era presidente da Xunta, que era Touriño, un era incendiario e o outro era o seu cómplice. Estas cousas díxéronse en plena campaña de municipais de 2007, pedíronse responsabilidades políticas, acusouse de negligencia, de abandono do monte, etc., etc., e é máis, e cito textualmente, e volvo abrir comiñas, por parte do actual presidente da Xunta díxose unha frase que eu considero terrible, *“con nosotros no moría gente en los incendios y con ellos”*, -ellos éramos nós e máis o PSOE-, *“cuatro personas”*. A día de hoxe, desgraciadamente volveron morrer catro persoas.

Polo tanto, hai que ter memoria, e moita memoria, e moitas das cousas que se dixeron foi que se facían mal as cousas, que non se sabía xestionar, que había improvisación, que se despedira xente, que se cambiaran cargos na xestión das brigadas. Aquí despedíronse 936 persoas entre finais de setembro e o 12 de outubro, unhas brigadistas nos concellos e outras da empresa pública SEAGA, e iso parece que ao Partido Popular lle molesta que llo digamos. Houbo menos medios,

efectivamente, pero incluso hai unha cuestión que recoñeceu o propio presidente da Xunta que na moción do PP non aparece, nin na intervención do Sr. Hernández tampouco se dixo nada. O propio presidente da Xunta recoñeceu que as doce primeiras horas de xestión do Goberno foran terribles, que non existira a xestión, iso recoñeceu o presidente da Xunta, non se recoñece por ningún lado na moción.

Por non citar palabras de Rajoy, incompetencia, petición de responsabilidades, que o Goberno se negaba a que houbera dimisións, que se negaba ás comparecencias en ámbito parlamentario, etc., etc.

E miren vostedes, xa non vou ler moitísimo máis, porque teño aquí todo isto, podía estar ata mañá lendo, pero curiosamente tamén naquel momento non só en 2006 houbo lumes, houbo un cambio de goberno, cambiouse unha xestión forestal, cambiouse un modelo forestal que, por certo, do 2006 ao 2009, con ese goberno na Xunta de Galicia practicamente tívose controlado o tema dos incendios en Galicia, algo se faría ben, pero en 2010 xa houbo lumes, en 2011, en 2012, acaso non lembramos os lumes de Coaledro?, non recordamos os lumes da Fraga do Eume, xa?, non recordamos as denuncias de SEAGA dos dispositivos contra a extinción de incendios, dicían que nin sequera os traxes lles valían para traballar, que non lles protexían do lume, non recordamos como se xestiona o monte neste país?, non recordamos como o diñeiro da Unión Europea para o monte, para o rural galego, se dedicaron ao abandono do medio rural e non a mellorar as condicións de traballo e de habitabilidade do medio rural?, non recordamos todo isto?, claro que o recordamos, e está na cerna do problema. Como na cerna do problema está que o que produce beneficios empresariais é a extinción e non a prevención. Cando neste país a prevención e a produción no monte sexa máis beneficiosa economicamente que os labores de extinción, seguro que non se dan os incendios, como pasa nos países onde non hai incendios. Diso deberíamos de estar falando, deberíamos de estar falando dun gran pacto político e social contra o lume, deberíamos estar falando disto e non botándonos as culpas, pero si se botaron as culpas en 2006 con moita máis virulencia que hoxe. E un xefe de informativos da Radio Galega que lle chamou carroñeiras ás persoas que se foron manifestar civicamente en Compostela o domingo, non recordo exactamente que data era, pero o domingo pasado, 22, eu recórdolle que no ano 2007, se non teño mala memoria, en plenas municipais, na pancarta de cabeceira dunha manifestación, na que ían entre 12.000, pola policía, dicían, e unhas 40.000 pola organización, nesa pancarta de cabeceira estaban Mariano Rajoy Brey e Alberto Núñez Feijoo, e nese momento ninguén lles chamou carroñeiros.

Polo tanto eu creo que, evidentemente, temos que tomar decisións en relación coa xestión dos lumes, pero temos que ser serios, e non podemos criticarlle ás forzas políticas o que nós dixemos noutra ocasión.

E tamén xa para rematar, xa que se pide tamén que a Deputación da Coruña se coordine coa Xunta, evidentemente témonos que coordinar, o que non nos pode tratar a Xunta de Galicia e como fai habitualmente o Partido Popular, como fai aquí cada vez que trae unha moción por mandado da Xunta de Galicia, como unha delegación da Xunta. Nós somos unha administración pública, que temos autonomía tamén dentro das nosas competencias, non podemos estar só para obedecer, senón que tamén temos que estar onde se toman as decisións, e non hai ningún problema.

Pero voulle recordar que na anterior etapa de goberno desta Administración pública, ano 2011 a 2015, que tamén houbo incendios, e que houbo inundacións, e que houbo un pouco de todo, como hai sempre, o apoio ao medio rural por parte do Goberno do Partido Popular naquel momento aquí, pódese simplificar nunha frase que dixo o presidente, naquel momento presidente da Deputación, que era Diego Calvo Pouso, e que aquí hai deputados que estabamos, non só os de BNG, na que dixo textualmente diante da crítica ao cambio de criterios por parte do BNG nos plans provinciais, acabábase de inventar un Plan que se chamaba DTC, que agora non existe porque está incluído dentro do POS, e repátese cos criterios do POS, acabábase de inventar un plan onde priorizaba a poboación total porque, curiosamente, beneficiaba grandisimamente a tres cidades, Ferrol, Compostela e A Coruña, tres cidades que, casualidades da vida, gobernaba naquel momento o Partido Popular, e que restaba enormes, inxentes cantidades de fondos provinciais ao resto dos concellos da provincia. E diante da crítica do BNG, como dixen hai un momento, o presidente, e está recollido supoño que nas actas deste Pleno, como así debería de estar, pero en todo caso supoño que haberá xente que secunden o que vou dicir, porque o recordamos todos, dixo textualmente “Estamos aquí para subvencionar persoas, non ferrados de monte”.

Nada máis, nós imos votar a favor, evidentemente, da nosa moción presentada conxuntamente con Alternativa dos Veciños e co PSOE, pero tamén imos subscribir e apoiar a moción presentada por Compostela Aberta e Marea Atlántica. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente, bo día amigas e amigos. Aínda que teñamos todos o pensamento e a preocupación polo que está acontecendo neste momento en Madrid e en Barcelona, quixera complementar a intervención do meu compañeiro portavoz de Marea Atlántica con algunha reflexión.

A última vaga de lumes en Galicia desde o noso punto de vista non podemos vela como un episodio illado, porque ten xa demasiada frecuencia nas últimas décadas. Despois de moitos anos de estudos, de investigacións, de millóns gastados en políticas de extinción, seguimos practicamente igual, co atenuante máximo do cambio climático como todos saben, esténdese a temporada de risco, antes era de tres meses, agora xa é case anual, con lumes que van desde final do inverno ata o outono. Polo tanto a solución non pode pasar por incrementar partidas para extinción de xeito indefinido, sería literalmente queimar os fondos públicos, non en crear e producir cousas, senón en reducir, limitar, a destrución dun patrimonio que logo temos que rexenerar por non ter coidado del previamente, sabémolo todos e todas.

Por iso presentamos unha moción que busca un acordo social extenso para corrixir e reverter a situación facendo do monte galego un lugar produtivo, sostible e ambientalmente valioso, cremos que é posible se se cambian as actuais políticas públicas que nos levaron a esta situación. Perdoádeme a cita que todos coñecen de Albert Einstein “Se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo”.

Quero insistir nesta intervención especialmente sobre tres cuestións. A primeira a nosa solidariedade coas vítimas, persoas feridas e falecidas, e resaltar a

dedicación dos e das profesionais. Foi en moitos casos a propia cidadanía a que tivo que facer fronte ao lume, pola situación de desborde recoñecido que sufriron os efectivos de extinción, pouco persoal debido a recursos e escasa e ineficaz coordinación por parte da Xunta. A morte das catro persoas falecidas é unha desgraza irreparable. Cando hai catástrofes relacionadas co lume non sempre se pode asegurar a integridade de todas as persoas e bens en risco, pero cómpre intentar que ese risco sexa o menor posible, analizar as causas e tratalas para evitar que se repitan de novo no futuro.

A segunda cuestión sobre a que quero insistir, a necesidade dun gran pacto social polo monte galego. É evidente que estamos ante unha situación de desastre, ano tras ano, o risco de incendio polo abandono do monte non se reduce. A mellor extinción, dicímolo todos, a prevención, lograr que o monte non arda, sabémolo, como se logra?, non é un asunto fácil, sabémolo tamén todos e todas. O informe de 2008 “Los incendios forestales en Galicia y su investigación”, de Jesús Ponte Pintor, alférez xefe da policía xudicial e Carlos Bandín Buján, alférez xefe do SEPRONA, identificaba causas socioeconómicas, e cito “...*Que han llevado a la intensificación de los incendios forestales durante las últimas décadas, el abandono de las tierras agrarias, las políticas económicas que incentivan ese abandono y su posterior reforestación, con el objetivo de reducir los excedentes agrícolas*”. O informe citado tamén destacaba a necesidade de actuar na identificación das causas e a necesidade de fomentar as actuacións preventivas, cito de novo: “*Otro de los factores estructurales es una política de reforestación aplicada hasta el momento sin a veces estar dotada de la conveniencia propia en cuanto a especies arbóreas, distancias e de ordenación en general. A todo ello hay que añadir la falta de interés económico que genera que los propietarios del monte no aprecien la necesidad de realizar una política de conservación y mantenimiento del potencial forestal*”.

A Asociación Profesional de Bombeiros Forestais de Galicia tamén incidiu hai escasos días nesta necesidade. “A Xunta nunca negociou nada”, din, “nunca houbo interese en tratar en cuestión con todos os sectores implicados, comunidades de montes, ecoloxistas, gandeiros, sindicatos, entidades profesionais, todos teñen algo que dicir, e a partir do que todos acheguen pódense comezar a buscar solucións a medio e longo prazo. O eucalipto e o piñeiro non son a causa dos incendios, pero a súa presenza masiva si explica o comportamento do lume”.

En conclusión, é imprescindible un novo modelo forestal e agrogandeiro, consensuado con varios axentes afectados para que sexa válido e teña aceptación, e que permita unha xestión ordenada e sustentable da superficie forestal. Ese plan debería apostar por especies arbóreas axeitadas, caducifolias autóctonas e limitar e reducir os monocultivos pirófitos, tal e como obrigaba o Plan forestal galego agora mesmo, case que duplicamos a cantidade de eucaliptos que estaba prevista para 2032, nada menos, 2032.

Por último unha terceira cuestión, o establecemento dun mando único contra incendios. A descoordinación da vaga de lumes foi patente, vímola en directo nalgunha televisión, non precisamente na televisión pública galega. As circunstancias meteorolóxicas foron excepcionais, sen dúbida, a resposta da administración non. Non se preveu a gravidade do risco, e cando se quixo actuar era demasiado tarde. A necesidade dun mando único, non só a nivel galego e estatal, senón incluso

internacional, é unha demanda que procede de múltiples fontes, incluídas as profesionais, incluso o Eixo Atlántico solicitou xa hai anos que se chegaran a acordos con Portugal, algo esencial e que se motiva sobradamente polos incendios que chegaron, van ou veñen, a través da fronteira, no Xurés, en Salvaterra, etc., etc.

Non podemos volver á situación dos anos oitenta, co “Arde Galicia”, que dicía Antón Reixa, cun país convertido nun sinistro total e o goberno autonómico entoando tamén aquilo de que menos mal que nos queda Portugal para botarlle á culpa ao país veciño, argumento ben desafortunado, por certo.

Remato, é o momento dun gran pacto social polo monte galego, tal e como onte mesmo demandaba o presidente do clúster da madeira. Por estes motivos solicitamos o seu apoio á nosa moción, nós tamén imos apoiar á do Goberno, máis nada e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Como diría Isaac Díaz Pardo, lerias. Na política, neste país, que é o meu, e o de todos nós, hai moita demagogia, hai moito oportunismo, hai moito postureo, e hai pouca dedicación a temas concretos que o país necesita para fortalecerse, para buscar traballo, para progresar, para coidar o medio, etc.

Hai un tema, cando dicimos, non, ti aquilo, eu o outro, esa é a clásica situación de cando hai unha desgraza neste país, ou hai un problema grave, acharnos culpas uns aos outros. Eu estou convencido de que ninguén dos que estamos aquí, totalmente convencido, somos incendiarios, e que protexemos o ambiente, estou totalmente convencido, sen descartar a ninguén, e no Parlamento de Galicia ou no Parlamento da nación, máis do mesmo. O que pasa é que a política é unha desgraza, na política segundo o momento interesa ter unha posición ou outra, e cando hai desgrazas nos lamentamos, eu estou en contra deses días, Día do Home, Día da Muller, Día do Beneficio Industrial, Día do IBI, todas esas trapalladas que valen para figurar determinados colectivos ou determinados grupos políticos, e logo baixar bandeiras cando non previmos que non tiña que haber desgrazas. Eu tampouco estou por poñerme diante dunha bandeira, diante do Concello, nin baixar bandeiras, e estou totalmente con aquelas familias que sufriron esa desgraza tan grande pola negligencia dos políticos, sexan quen sexan os que sexan responsables.

Eu creo que neste país que se chama Galicia, que forma parte de España, houbo un conselleiro que eu coñecía, eu levo desde principios da democracia no Concello de Oleiros, polo tanto pasei xa moitos conselleiros, moitos directores xerais, moitos, e houbo un conselleiro que habería que sacar o sombreiro, pero que non puido culminar un traballo, que era Suárez Canal. Suárez Canal coñecía o territorio, Suárez Canal facía propostas, co goberno bipartito na Xunta de Galicia, facía propostas concretas, non se puideron concretar, pero había cousas moi boas naquela postura de Suárez Canal como conselleiro do rural de Galicia.

Non se pode estar dicindo que se van acabar os incendios se non se cambian as leis deste país. É dicir, a xente escapa do rural, a xente foise das aldeas, a xente abandona o campo, hai uns estudos que din que dentro de trinta anos a maior parte de poboación do mundo estará nas cidades, non haberá xente nas aldeas, sendo

Galicia singular no Estado español, sendo Galicia singular, que ten trinta e pico mil núcleos de poboación, será máis tardía a situación en abandonar totalmente, pero está aí, porque hai vellos e vellas, e paisanos de todos nós, familiares de todos nós, que non queren marchar da aldea, queren morrer na aldea. Pero o que non podemos é permitir que morran na aldea abrasados, iso é o que non podemos permitir os que estamos na política, polo tanto, hai que facer cambios de leis. Hai uns montes en Oleiros que denuncian veciños que están preto dunha urbanización, que é unha zona forestal, pero que non hai forma de entrar porque non hai lei que mo permita, porque entón si que estaría prevaricando, se entro nunha finca sen a autorización do dono. Pois ten que haber unha lei clara que cando un abandona o seu territorio, a Administración, sen máis, constatado por un técnico que di este monte está cheo e pode provocar moitos incendios, que o alcalde de quenda poida determinar cun tractor ou co que sexa, ir a eliminar ese problema nese núcleo.

Polo tanto, fan falta leis, e para iso hai que poñerse de acordo todos os políticos, e deixarse de demagoxias e de caralladas, temos que poñernos de acordo todos, porque o problema é común, é un problema común a todos nós.

E as políticas de prevención que se levaron neste país noso ata o de agora demostrouse que son ineficaces total. Eu lémbrome dun alcalde, que lle chamaban Castro, que era de Pontearreas, e unha vez nun comentario déronlle vinte persoas para a brigada e el dixo, pois vou contratar corenta, a media xornada, contratou corenta persoas do seu municipio, e como dicía el, é un de cada casa, e polo tanto estou facendo campaña política, teño corenta a soldo aí durante catro meses, e vanmo agradecer cando cheguen as eleccións. Iso é desgraciadamente unha das cousas que están pasando coas brigadas, que valen para moi pouco, porque as brigadas tiñan que estar desde o primeiro día que se nomean traballando no monte, cortando, facendo rozas, pero non se fan, está dito que terían que facelo, pero ninguén se preocupa de supervisar se se fan ou non. Polo tanto, é mentira.

É un diñeiro tremendo, aquí falábase de cifras, Agustín dicía once millóns por un lado e catro millóns por outro, claro, quince millóns, quince millóns de euros que se van polo desaugadoiro, e non valen para nada, porque despois, e non todos, pero na historia de Galicia xa está escrito tamén e xa está constatado, que se comprobou que en máis dunha ocasión algún dos brigadistas, en máis dunha ocasión ao longo destes anos, era culpable dos incendios, non a velliña de quenda, que dicía non sei quen de vós, que limpando a horta ou o funcionario de xustiza do Concello de Vigo asando uns chourizos, non, eses non son os responsables da queima de montes, os responsables son outros, que puñeteira casualidade, claro que alguén prendeu o monte, non somos ignorantes, alguén prendeu o monte, pero non o Bloque, nin ningún outro partido da esquerda, nin outra cousa parecida, non se pode facer demagoxia cando un goberna ou cando está gobernando outro, non, non é verdade. O monte préndenlle catro desgraciados que queren facer o agosto a conta desa situación, e logo hai algún tolo tamén por aí que prende o monte sen máis, pero son os menos, porque todos os temos localizados, eu tiña un no Concello de Oleiros que todos os anos prendíalle, na zona do Faro de Mera, prendíalle lume ao monte, témolo localizado, habería que pegarlle un par de labazadas, máis que detelo, porque detelo un día, detelo outro, detelo outro, e non pasa nada, iso é o que non pode ser, pero a eses tolos indubidablemente terémolos en todos os municipios.

Polo tanto, as brigadas, eu creo que hai que ir a equipos, non profesionais, tampouco imos aquí agora coller os orzamentos de Galicia e montar un montón de colectivos que só estarían aí en caso de incendio, hai que prever, máis que poñer xente en grupos para apagar cando vén o incendio, e despois se non hai a choiva estabamos apañados, senón é a choiva estabamos apañados, o que hai que prever é cos concellos, coas deputacións, coas catro deputacións, un plan de que os concellos poidan contratar empresas, que poden ser locais, poden ser tractoristas locais, e durante todo o ano traballar limpando os montes, cunha lei que lles permita entrar nos montes, onde vaia un funcionario e diga, neste, neste, neste monte xa se pode entrar que fixemos o trámite ou a notificación pertinente ao propietario. Con esas políticas seguro, seguro que acabamos cos incendios.

E logo tampouco se pode dicir, non, e agora unha política de que hai que limitar as árbores as casas. Ou non se coñece Galicia, e aquí hai casas por toda partes, que queremos, acabar co noso monte?, queremos acabar co noso medio?, cincuenta metros desde calquera casa de Galicia, todo, arrasamos con todo, esa non é tampouco a solución. Polo tanto, o que hai é que prever que non arda o monte, e hai árbores, os nosos autóctonos, e coñecémoslos todos, porque todos tivemos parentes no interior de Galicia, ou na periferia, ou no que sexa, e todos sabemos que os castiñeiros e os carballos, e moitas outras árbores que non se mencionan, non hai nada debaixo, o mesmo piñeiro, que tanto se critica, o piñeiral debaixo non ten maleza, quen provoca maleza é o eucalipto, que tremendamente é un volcán, e que ademais permite todo tipo, hai ramas por todos os lados, e polo tanto é o peor inimigo que temos en Galicia para o tema dos incendios.

Polo tanto, facendo unha política de prevención boa, e é fácil, había medio camiño andado, seguro que houbo por aí outros conselleiros que tamén tiveron algunhas ideas, eu falei de Suárez Canal porque coñecín o tema, e porque sabía que había unha persoa que coñecía o campo e coñecía a situación, e que traballara incluso en proxectos no seu municipio para mellorar a situación. Polo tanto, eu creo que hai que deixarse de demagoxias, de tirarnos os trastes á cabeza uns aos outros, sentarnos e poñernos a pensar rapidamente en políticas efectivas, e non políticas de campanario, nin oportunistas, nin que nun momento determinado poidan facerlle dano ao inimigo político ou o rival político, se non se lle quere chamar inimigo. Polo tanto, eu creo que iso é o que hai que facer en Galicia, e deixarnos de tonterías. Nada máis.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días compañeiros e compañeiras. En primeiro lugar quería mostrar a nosa solidariedade coas vítimas e coas persoas falecidas e as súas familias e cos concellos afectados por esta vaga de lumes destes días. Eu quería lamentar que na Xunta de portavoces non foramos quen de consensuar unha moción sobre a vaga de lumes que asolou Galicia nestes días, aínda sendo conscientes de que posiblemente todos, e non dubido de ninguén, de que todos estamos de acordo de que esta situación non se pode manter, e hai que tomar decisións. Eu lamento que sexan tres mocións porque creo que realmente no fondo todos estamos de acordo.

Dicir que a moción se presentaba co interese de que fora a moción única de todos, moción institucional, cremos que era unha moción moi *light* porque o Goberno

provincial non quería neste momento buscar culpables, nin responsables da situación padecida, senón que o que se pretendía fundamentalmente era instar á Xunta de Galicia a que convocara unha serie de reunións e intentar buscar un pacto dos partidos políticos para que realmente esta situación, na medida do posible, non se volva producir. É dicir, nós cremos que por moitos medios que se adopten, por moitas persoas que traballen no verán para eliminar estes lumes, cremos que non é esa a única medida necesaria, é dicir, pódese incrementar o que se queira, e véñse incrementando moitísimo ao longo de todos estes anos, pero cremos que esa non é a solución, estámolo a ver, e que por moito diñeiro, cada ano investimos máis niso e cada ano seguimos tendo os mesmos incendios nos nosos montes, ten que haber algunhas causas máis, e todos os meus compañeiros que interviron ata o de agora fóronas dicindo. Cremos que hai unhas medidas que se deben de adoptar a curto prazo, outras a medio e outras, evidentemente, a longo prazo, non é unha solución fácil.

Eu desde logo estou, sempre estarei en contra, xa o dixo algún interviniente anterior, en contra de que isto se utilice como arma arreboladiza, utilizouse durante moitos anos, todos levamos, eu levo moitos anos en política, efectivamente, e vin esta situación e, desde logo, deu igual quen gobernara, quen fora o conselleiro, nalgúns casos tíñase mellor intención e poucos medios, e noutras non se tiña intención, claramente, e creo que nese sentido sempre estamos botándonos as culpas uns aos outros pero non somos capaces de consensuar a solución que necesitamos en Galicia. E hai medidas, efectivamente, que hai un problema eu creo que de prevención, fundamentalmente, de prevención porque todos estamos a ver o que se fai durante o inverno para evitar estes lumes, os cortalumes que se fan, etc., etc., que practicamente se imos polo monte parece invisible o que fixeron as brigadas estas de prevención, parece invisible, porque efectivamente, non se pode facer a man, hoxe hai maquinaria suficiente como para poder contratala e realmente facer esa prevención.

Eu teño que poñer o exemplo do meu concello, é que a Xunta me deu 2.500 euros para limpeza, 2.500 euros, é dicir, os concellos estamos comprometidos porque é que 2.500 euros os gastamos só en mandar cartas aos veciños, pero claro, xa o di Gelo na súa intervención, é dicir, os concellos estamos comprometidos, evidentemente, porque estamos facendo todas as medidas que nos permite a lei, pero mire, hai dezaseis pasos ata chegar a conseguir entrar nunha leira, iso con sorte, para podela limpar, dezaseis. Isto necesita unhas medidas, necesita reformar a lei, esta, a Lei de prevención, e a Lei de procedemento administrativo, é dicir, non podemos pasar dezaseis trámites con multitude de cartas, e ademais tendo en conta como está o catastro de rústica, como sabemos todos que é a situación das herdanzas en Galicia, onde están os herdeiros, están en moitas ocasións en Arxentina, en Venezuela, en Colombia, é que iso é practicamente imposible, é que nós temos que dedicar cinco ou seis persoas a esta situación, e non conseguimos os obxectivos que pretendíamos, limpar esa faixa de trinta metros ao redor das casas. Esa é unha solución digamos que de prevención, pero evidentemente non somos capaces de chegar porque a lei non nolo permite. Pasámonos para chegar a entrar nunha finca pechada, podemos estar un ano cos trámites, un ano, é dicir, iso é inviable, hai que buscar outras solucións. E en parte é unha solución, pero claro, para chegar a iso temos que sentarnos.

É dicir, ninguén pretendía culpabilizar neste momento, porque creo que é o obxectivo menor, o que pasou, pasou, e haberá que analizar as causas, sentarse e realmente poñer os medios necesarios para que isto non se volva producir, porque se non se fai dese xeito eu creo que, podemos poñer máis millóns no orzamento, pero ao final teremos eses problemas.

E creo sinceramente que a moción que presenta o Grupo de goberno da Deputación, asinada tamén por Alternativa dos Veciños, debería ser a moción que realmente se aprobara para que, dunha vez por todas, empecemos a traballar sen ira, empecemos a traballar de cero, porque realmente os cidadáns e cidadáns de Galicia así nolo demandan, non queren que esteamos pelexando todo o día con estes temas, non quere que se culpe ao país veciño, non se quere que se culpe ao que fai unha grellada na súa casa, non quere iso, quere que poñamos os medios para que isto non se volva producir.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, simplemente, sen intentar iniciar novos debates, si que teño que deixar claro que o que non é posible é pechar un acordo institucional con alguén que prescinde do punto de partida e da realidade obxectiva do que aconteceu, polo tanto, non se pode prescindir dunha realidade que acredita que houbo circunstancias externas que motivaron esa vaga de lumes. Non se pode asinar un acordo institucional con alguén que está instalado na teoría, que sempre é fácil, nas falsidades e tamén nos clixés. A verdade é que eu faría unha reflexión, por que ardeu Cervantes?, nin un só metro cadrado de eucalipto, por que ardeu Cervantes?, por que a provincia que máis ardeu foi Ourense, que ten moitísimos menos eucaliptos que Pontevedra?, por que? Polo tanto, facer unha criminalización dos eucaliptos creo que é un clixé.

Está claro que hai que traballar na nova política forestal, está claro que o Goberno galego está traballando no deseño dunha nova política forestal, co máximo consenso posible, está claro, tratando os temas co sector, e con todos os axentes implicados tamén, cos axentes políticos, no Parlamento de Galicia, todos os que estamos aquí temos representación no Parlamento de Galicia, ese é o sitio, ese é o punto para chegar a consensos posto que, volvo repetir, a Xunta de Galicia está traballando na política forestal. Non é xusto dar a sensación de que aquí non se fai nada polo desenvolvemento do rural, non é xusto, posto que a Xunta de Galicia ten un plan importante para o desenvolvemento do rural, ten medidas importantes no eido do tema tributario, pero tamén ten un plan de fixación de poboación, que é un tema importante para evitar estes lumes, fixar a poboación no rural, estamos a falar de 230 millóns de euros entre 2017 e 2020, e para crear 3.000 empregos directos, e para poñer en valor 330.000 hectáreas, tamén a Xunta de Galicia está facendo un esforzo importante para a mellora de explotacións incorporando os máis novos á actividade agraria e para acadar un desenvolvemento de pequenas explotacións. Datos da convocatoria de 2016, xa pechada, 582 persoas beneficiadas destas medidas para incorporar a mocidade ao rural, 618 beneficiarios, pequenas explotacións, 32 beneficiarios, polo tanto, existe, existe unha política de desenvolvemento do rural.

Non é certo, é unha falsidade, que houbera unha digamos desprotección en canto aos brigadistas, hai unha realidade que é comprobable, os brigadistas fixos

descontínuos, que finalizaron o seu contrato o 30 de setembro, é dicir, moito antes que a vaga de lumes da ponte do día 12, foron todos prorrogados en outubro cando comezou a haber actividade incendiaria, moito antes do día 12. Polo tanto, é falso que non houbera dispositivos preparados, posto que esa eventualidade foi tida en conta pola Xunta de Galicia moito antes do día 12.

Eu a verdade é que non teño absolutamente nada en contra do Sr. Suárez Canal, pero é que en política os resultados son os que son, e agora o BNG énchese a boca con dúas afirmacións. Temos que acadar consenso, temos que dialogar, pide diálogo, pero exactamente no mesmo momento que está pedindo o diálogo convoca unha manifestación, convoca unha manifestación antes de que estea superada esa crise, moito antes, nas redes sociais, as Mareas, Compostela Aberta, Podemos, estaban chamando á xente a manifestarse o domingo antes de ter noticia do primeiro falecemento desta vaga de lumes, logo despois dicir que hai que dialogar, chama a atención. A manifestación foi convocada en redes sociais o domingo pola tarde, e logo despois dicir que outra política forestal é posible por parte do Bloque, insisto, o Bloque tivo responsabilidades ao máis alto nivel en Galicia, e ten a triste marca do peor ano da historia dos lumes de Galicia, o ano 2006, mala sorte, o Sr. Suárez Canal do BNG era o conselleiro, esa é a realidade.

Por certo, unha cuestión que creo que tamén é importante, o Partido Popular non convocou ningunha manifestación en medio dunha vaga de lumes, e que si que houbo persoas que intentaron criminalizar aos alcaldes do Partido Popular en 2006 dicindo que eran os que causaban os lumes, e algo tivo que ver esa tentativa de criminalización dos nosos alcaldes, para que convocáramos a manifestación de 2006.

Pero mire, tamén temos que reflexionar ao respecto do que facemos e do que dicimos que imos facer, e mire, na provincia da Coruña, é certo, poderíamos opinar ao respecto de se a Xunta de Galicia dedica moito, non dedica demasiado, etc., etc., á prevención dos lumes, pero mire, a Xunta de Galicia ten, Medio Rural ten tres ferramentas ao dispor dos concellos, insisto, podemos discutir sobre a súa utilidade. E resulta que na provincia da Coruña dos 37 concellos gobernados polo Partido Popular, os 37 utilizan algunha das ferramentas da Xunta de Galicia, as brigadas, as motobombas ou as desbrozas, os 37, iso si, dos 28 alcaldes do Partido Socialista, 3 non utilizan nin unha das medidas ofertadas pola Xunta de Galicia, logo despois pedirán colaboración na extinción dos lumes. Isto vai incrementándose, no BNG de 12 concellos, hai 2 concellos do BNG que tamén pasan da Xunta de Galicia. Podemos discrepar sobre se é moito, se é demasiado, non son 2.500, Sr. Sacristán, son 5.204 euros, poden ser poucos, pero son 5.204, listaxe da Xunta de Galicia, Concello de Culleredo, vostede si que utiliza. Pero que curioso, os da nova política, os que coñezo eu, os señores de Compostela Aberta, deixamos cando marchamos do Goberno, unha motobomba para o rural do Santiago para mercar un expediente con dotación orzamentaria posto que os cartos viñan das aseguradoras, onde está esa motobomba?, nin está nin se agarda por ela. E, por certo, Compostela Aberta, Marea Atlántica e o señor de Ferrol, son tres concellos que niso si que son menos rápidos que asinando mocións, non asinaron o acordo coa Xunta de Galicia, non necesita o Concello de Santiago nin brigadas, nin motobomba, nin hectáreas de desbroza, A Coruña tamén pasa do tema, e Ferrol tamén pasa do tema, esa é a realidade. E, polo tanto, algo temos que reflexionar ao respecto de que é o que facemos, que é o que

podemos facer, iso si, o que demandamos é moitísimo máis do que facemos. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Sacristán de Diego

Simplemente, eu creo que Agustín non se leu a moción que nós presentabamos, non, non, instabamos a Xunta a tomar unha serie de medidas, nada máis, cos Grupos parlamentarios, non lle recriminabamos absolutamente nada, precisamente porque cremos que non era o momento, pode ser o momento despois, pero agora non era o momento, e por iso era, e ademais convidámolo a que vostede fixera as achegas que considerara oportuno, precisamente porque todos estamos convencidos de que non é o momento de recriminarnos esas cuestións, senón de poñer os medios necesarios para que esta situación non se volva producir.

Porque mire, aínda que vaíamos todos os concellos a eses convenios que, por certo, no de Culleredo está equivocado, porque antes eran trinta hectáreas e este ano me deixaron en dezasete, polo tanto, a metade do que había, antes eran 5.000, agora son 2.500, porque asinei antonte a certificación, co cal téño bastante recente, iso non é suficiente, pero o feito de que algúns concellos non vaíamos a eses convenios máis que no tema de limpeza, pero temos motobombas, e temos traballadores no tema de incendios, e de feito cando nos chaman imos, e non nos pagan nada, é dicir, que iso non ten nada que ver. Que, por certo, eu tiven un accidente cunha motobomba, ben, os funcionarios tiveron un accidente cunha motobomba apagando un incendio que me chamou a Xunta, e non me deron nin un duro para comprar outra, nin un duro, quedou desfeita, pero iso non ten nada que ver, é dicir, cando é necesario, vai, e van os dous equipos que teñen, e merqueino con diñeiro do Concello, sen axuda da Xunta, salvo un, pero iso non quere dicir nada, agora non estamos niso, agora creo que o importante é que nos sentemos dunha vez, porque por moito diñeiro que metamos, por moitos convenios que asinemos, cremos que non é a solución se non somos capaces de que nun mes poidamos entrar a limpar unha finca se é necesario, ou a limpar un monte, se non somos capaces de buscar esa situación, en que iso sexa posible, non hai nada que facer.

E logo despois é evidente que no Parlamento hai que solucionar problemas, pero tamén hai que contar cos concellos, que ao final somos os que estamos aí ao pé do lume, ao final somo nós, e estamos denunciando unha situación de catorce ou dezaseis trámites que hai que facer para entrar nunha finca, e logo con 2.500 euros tampouco se pode facer moito. Hai que pensalo, ao mellor hai que contratar menos no verán, e máis antes, e máis en prevención e menos en apagar, pero estudemos, ninguén di que teña que ser mañá, pero imos poñendo os medios posiblemente cheguemos a acordos e cheguemos a acabar con esta vaga de lumes.

Sr. Dios Diz

Eu creo que despois da primeira intervención de Julio iamos por bo camiño, pero Agustín sempre lle sae a vea confrontadora e quere entrar no corpo a corpo, entón eu empezaría por dicirlle que na ampla relación de currículum que contou ao principio, esqueceuse dunha cousa moi importante, que foi alcalde non electo de Santiago de Compostela, entre todo o currículum que citou, debeuno traizoar o subconsciente.

Non lle gusta escoitar isto, pero voulo dicir: 436 traballadores do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais foron cesados o 30 de setembro, foron chamados de maneira irregular tras a vaga de incendios, 500 traballadores de SEAGA cesaron ao comezar outubro, e agora voulle dicir algunha cousa que non digo eu, que o di a Asociación Profesional de Bombeiros Forestais de Galicia “Non existe coordinación entre o 112 e o 085”; Plataforma de Bombeiros públicos de Galicia: “levamos anos criticando unha descoordinación que se repite e que se vai seguir repetindo”; Comité de Empresa do 112 “Feijoo recomendou chamar ao 112 en lugar de potenciar os teléfonos específicos”, e os axentes forestais –non sigo, teño máis-, “Ten que haber un mando único e unha única canle de comunicación”, son algunhas cousas que falan da magnífica xestión da Xunta de Galicia que vostede tanto defende.

Sobre o terrorismo incendiario e a famosa trama incendiaria, que supoño que non será a deste home que asaba chourizos e esta señora da terceira idade, porque isto explica só que se queimaran sobre 3.000 hectáreas, arderon 35.000, polo tanto hai que buscar unha explicación para as outras, as 32.000 que faltan por explicar. Rafael Cudeiro, axente forestal, dicía “Boa parte dos incendios debéronse a partículas incandescentes desprazadas polo vento a centos de metros, unha forma de trasladarse o incendio”, fiscal delegado do Medio ambiente, Álvaro García Ortiz “Outros anos descartamos a existencia dunha trama. Polo momento non temos indicios de que haxa novidade ningunha. En todos estes anos atrás non atopamos esa famosa trama”.

E é certo o que dicía Regueira na súa primeira intervención, o argumento da trama vén de Rosón, do ano 1981, foi o primeiro en pedir a aplicación da Lei antiterrorista a quen plante lume no monte, e xa falaba de trama, mentres que protección civil do Goberno de España naquel momento dicía “Non existe ningún tipo de terrorismo incendiario”, xa no ano 81. No 90, efectivamente, Romay Beccaría, no 95, Tomás Pérez Vidal, en 2002 Carlos del Álamo, está todo aí.

Remato, sobre o tema dos eucaliptos, volvo dicir que non falo por min, Asociación Profesional de Bombeiros Forestais de Galicia “O eucalipto, ou o piñeiro, non son a causa dos incendios, pero a súa presenza masiva, moito máis do que estaba previsto para 2032, si explica o comportamento do lume”. Algo disto hai que ter en conta, hai que escoitar, e aproveitar o momento e aproveitar o tempo para facer un auténtico plan social contra o lume e en defensa do monte galego. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Para responder a algunhas cousas que indirectamente afectan ao primeiro discurso que fixen.

Nós no noso Grupo temos unha persoa, unha deputada, dona Ánxela Franco, que pertence a unha comunidade de montes, é comuneira, algo sabe do asunto, e di unha frase, con certa habitualidade, dinos unha frase ou recórdanos unha frase que eu creo que é totalmente certa, os lumes no monte non se apagan con medios eventualmente, os lumes no monte galego teñen que se apagar con vida, e hai que

ter políticas que favorezan á volta ao medio rural e o Sr. Agustín Hernández relatou unha serie de cuestións moi bonitas, pero quen vai querer vivir no rural galego sen auga, sen saneamentos, sen colexios, pechando unitarias todos os cursos, sen galescolas, sen centros de día para maiores, pechando consultorios médicos, quen vai querer vivir nese rural galego?, porque as claves poden estar aí, na igualdade no acceso ao estado de benestar entre o rural galego e as vilas urbanas intermedias e as cidades.

Tamén me gustaría respostar ás alusións a Alfredo Suárez Canal, fíxense vostedes, a memoria é fráxil, xa o intentei recordar na miña primeira intervención, pero o goberno bipartito, e a Consellería do Medio Rural naquel momento, despois da vaga de incendios, articulou medidas do futuro para o medio rural galego e para o monte galego que convén recordar, ás que se opuxo frontalmente desde o primeiro momento o Partido Popular. Unha foi o Bantegal, acordádevos cando se lle dicía por parte do Partido Popular aos propietarios dos montes que lle querían roubar as fincas?, as UXFOR, as unidades de xestión forestal, que non viñan ser outra cousa que unha especie de cooperativas, pero no medio rural, para xestionar a madeira que producía o monte. Pero fíxose algo máis, se recordamos o concurso eólico, tan frecuente nos discursos e nos mitins do Partido Popular, dicindo que o bipartito estaba fóra da legalidade e non sei que historias raras, as cooperativas de montes, as cooperativas agrarias, podían ter cacho, así coloquialmente falando, no concurso eólico, podían producir beneficios a través da xestión dos aeroxeneradores estes que colocan no monte galego. Iso todo que era tan ilegal, tan non sei que, resulta que agora a xustiza, sentenza tras sentenza, sentenza tras sentenza, resulta que é legal e que hai indemnizar a quen concursaron nese concurso eólico.

Polo tanto, eu creo que convén ter memoria. É unha pena que estes debates se dan porque houbo xa chiscadelas e houbo peticións de Mesas para chegar a acordos, pero os acordos vese que non son fáciles, aínda que o Sr. Sacristán, ao que despois me referirei, intentou tender unha ponte de prata pero que non foi aceptada polo Partido Popular, como moi ben dicía Manolo Dios.

Pero vou rematar referíndome xa a cuestións da moción dos tres Grupos que a presentamos, pero non me gustaría pasar sen recordar algo. No ano 2006 o Presidente do Goberno, Mariano Rajoy dicía textualmente isto: "*Es probable que las condiciones meteorológicas sean peores y cierto que no es fácil apagar el fuego*", isto empezaba moi ben, pero dicía ademais, "*pero en situaciones como ésta es donde se mide la eficacia de los gobiernos*". Ben, pois isto dicíao, e despois continuaba, en plenos incendios dicía que o goberno era incompetente, ineficaz, demagogo e que ademais ocultaba datos. Iso pasaba no ano 2006, e tamén se dicía unha frase tamén bastante incendiaria, que era "*Cuanto de lo quemado se debe a los pirómanos y cuánto a la imprevisión, indolencia e irresponsabilidades del Gobierno*". Pois ben, isto é o que hai.

Polo tanto, eu tamén estou de acordo co que se dixo aquí en todas as intervencións, que é o que temos que superar, e témolo que superar con altura, e non intentando borrar o que pasou atrás, a causa de que agora poidamos ter críticas. Pero o certo de todo isto é que os días posteriores ao incendio, a ese domingo negro, non o dicimos nin o BNG, nin o PSOE, nin Compostela Aberta, nin Marea Atlántica, nin Alternativa dos Veciños, dicíao o persoal do SEAGA, e dicían que non había nin o

20% dos operativos funcionando, e que ata o luns non se puideron articular medidas porque estaban os operativos desmantelados, esa é a realidade, e podémolo recoñecer ou non, e podemos chegar a que existan responsabilidades políticas ou non, pero esa é a realidade. É a realidade e o futuro depende de que cheguemos a acordos, e nós considerabamos que esta moción que presentabamos nós era unha moción de mínimos, francamente de mínimos, que o Partido Popular tamén a podía aceptar sen ningún tipo de rubor, non pedíamos nada máis aló que, primeiro mostrar a solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas, e feridas, e as súas familias nos concellos afectados.

Segundo, instar a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017 do 19 de outubro de medidas urxentes de axuda para a recuperación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente e absoluta, e por lesións que motivan a hospitalización de persoas feridas.

O punto número tres é instar as diferentes forzas políticas con representación no Parlamento Galego a sentar as bases para lograr un acordo polo monte galego e por unha nova política forestal, instar tamén as administracións para comprometerse a desenvolver unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

E, por último, instar a Xunta de Galicia a reformular o Servizo de Defensa contra incendios forestais dunha forma integral e baixo un mando único, de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación, tanto en formación como en equipamento e condicións laborais, recordando o meu primeiro parágrafo, na primeira intervención, o que dicía o presidente Feijoo, naquel 2006, el reclamaba un mando único, coordinación, Mesa de emerxencia, pois once anos despois, moitos deles no seu Goberno, nada diso está feito.

E, por último, un dato máis, recordo tamén tristemente unha frase que se dixo, e que está recollida na hemeroteca, que dicía “Un agosto bipartito peor que dezaseis agostos do Partido Popular”. Nada máis.

Vótase a moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Vótase a moción presentada polos Grupos Provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA, PARA O IMPULSO DUN ACORDO NACIONAL PARA O MONTE GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fin de semana do 15 de outubro, Galicia sufriu unha trágica vaga de lumes na cal chegaron a estar activos máis de 130 incendios forestais. Arderon máis de 35.000 hectáreas de terreo, puxo en risco e calcinou vivendas e diversas propiedades, e causou o dano irreparable da morte de catro persoas.

É evidente que o noso país ten un gravísimo problema co lume, continuo ao longo dos anos, e que se está a agravar por mor do cambio climático. Desde a Administración Autonómica, o esforzo centrouse na extinción dos lumes, pero a evidencia apunta a que son precisas medidas de índole estrutural.

Os incendios forestais non se poden tratar como cuestión independente da ordenación do territorio, ou das políticas vinculadas ao sector gandeiro e agrícola. Son precisas medidas a medio e longo prazo que esixen o consenso de todos os axentes implicados, sexan políticos, sociais ou empresariais.

Tampouco se pode simplificar o debate ao redor do lume, poñendo o foco unicamente en quen ou como se prende a primeira chama, ou falando de tramas organizadas das cal non temos ningún indicio, despois de 30 anos utilizando o argumento por parte de diversos responsables públicos.

Loitar contra os incendios forestais implica traballar para termos un monte integrado, no que se aproveiten os recursos naturais de xeito sostible e sen comprometer a súa viabilidade. Esixe capacidade de diálogo, vontade de actuar, e flexibilidade para mudar unha perigosa realidade que, como se vén demostrando ano tras ano, é moi difícil de abordar unha vez comeza o incendio.

Por estes motivos, propónse ao Pleno da Deputación provincial de A Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1.- A Deputación Provincial de A Coruña amosa a súa solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas e feridas –e as súas familias-, coas persoas que perderon propiedades, e cos concellos afectados. Así mesmo, agradece e reconece o seu esforzo e dedicación a todos os profesionais de distintos ámbitos e á cidadanía que colaboraron na extinción dos incendios.

2.- A Deputación Provincial de A Coruña insta á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia a impulsar un “Acordo nacional para o monte galego”, que permita superar a situación actual de desastre ambiental e social. Este acordo implica o deseño e execución dunha nova política forestal, e de promoción dos sectores agrícola e gandeiro, partindo de análises multidisciplinares, que achegue solucións a longo prazo para as próximas décadas. Este acordo deberá recoller, como mínimo, as seguintes cuestións:

- Implicación de todos os sectores e axentes implicados, co obxecto de lograr un consenso de base social, e a reversión da tendencia de gasto público, destinando máis esforzo ao sector primario como vía para reducir os custes de prevención e extinción.

- Un novo modelo de xestión do monte galego, que ademais dos aspectos industriais recolla as súas funcións ecosistémicas e sociais, e o impulso de prácticas “naturalizadoras” que teñan en conta a fauna e flora autóctonas, así como a complexidade dos ecosistemas. Este modelo debe incluír unha moratoria para a plantación de eucalipto, a súa eliminación nos espazos protexidos, e a fixación dun límite para a ocupación do territorio por monocultivos de especies pirófitas.

- O establecemento dun dispositivo único e de carácter público de loita contra os incendios, que progresivamente implique a eliminación de todas as contratacións de persoal alleas ao servizo público, así como a redución da precariedade e da desigualdade laboral que actualmente padecen grande parte destes traballadores.

- Derrogación ou adaptación de toda a lexislación que prime o aproveitamento industrial do monte fronte aos usos tradicionais e comunitarios e a xestión ordenada e sustentable do territorio, e nomeadamente, a Lei de Fomento da Implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

3.- A Deputación Provincial de A Coruña insta á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.”

Vótase a moción presentada polos Grupos Provinciais de Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS E PSdG-PSOE PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS CO FIN DE EVITAR UNHA NOVA VAGA DE INCENDIOS FORESTAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A traxedia da vaga de lumes forestais que acaba de arrasarse Galicia provocou a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco moitos núcleos urbanos e miles de persoas e deixou centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas. É evidente, pois, que é preciso desenvolver unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, tanto na posta en valor dos terreos forestais como nas medidas preventivas e de deseño do propio dispositivo de loita contra os incendios forestais, que senten as bases para que episodios como estes non se volvan producir, ou cando menos non acaden a gravidade do acontecido nestes días.

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA

1. Mostrar a súa solidariedade coas vítimas, coas persoas falecidas e feridas –e as súas familias- e cos concellos afectados.

2. Instar á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, eliminando a necesidade de demostrar a existencia de intencionalidade para conceder axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e por lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

3. Instar as diferentes forzas políticas con representación no Parlamento galego e sentar as bases para lograr un acordó polo monte galego e por unha nova política forestal.

4. Instar a toda a administración para comprometerse en desenvolver unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

5. Instar a Xunta de Galicia a reformular o Servizo de Defensa contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único, de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.”

V.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE RENUNCIA DE DEPUTADO PROVINCIAL

Don Bernardo Fernández Piñeiro, portavoz suplente do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial **don Julio Sacristán de Diego**, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da Deputación o día 25 de outubro de 2017, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Julio Sacristán de Diego**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a dona Patricia Blanco Fidalgo**, terceira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español no partido xudicial da Coruña nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, tendo en conta que os dous primeiros suplentes perderon por renuncia a condición de concelleiros dos seus respectivos concellos e que, por tanto, non poden adquirir agora a condición de deputados provinciais.

Sr. Secretario

Hai unha moción presentada e asinada por don Bernardo Fernández Piñeiro, portavoz suplente do Grupo Socialista da Deputación Provincial da Coruña, para dar cumprimento ao que dispón o noso regulamento sobre a presentación de asuntos fóra

da orde do día mediante moción, no artigo 65.4, e porque afecta ao portavoz, que di que “Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial D. Julio Sacristán de Diego, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación con carácter inmediato, por afectar ao estatuto de electos locais Polo tanto propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro, tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Julio Sacristán de Diego**.

Segundo, como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

E terceiro, poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a dona Patricia Blanco Fidalgo**, terceira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido dos Socialistas de Galicia no partido xudicial da Coruña, tendo en conta que os dous primeiros suplentes perderon por renuncia, que consta fidedignamente no expediente, a condición de concelleiros dos seus respectivos concellos e que, por tanto, non poden adquirir agora a condición de deputados provinciais.

Hai que declarar previamente a urxencia, como pretende don Bernardo, e despois a votación do asunto.

Sr. Presidente

Antes da ratificación e da votación, eu quería dirixir unhas palabras a Julio, primeiramente aos dous, Sindo antes renunciou e agradecerlle o labor prestado nestes anos, e especialmente a Julio porque cesa nas súas actividades políticas en xeral, e Sindo non. Polo tanto, a Julio agradecerlle os anos de colaboración e, sobre todo, recoñecerlle toda unha traxectoria a nivel político, en todas as institucións, nun ámbito como é o político, onde se renuncia a tantas cousas a nivel persoal, tamén é a mensaxe que é bo que calquera persoa que se dedique á política lle explique á xente, é dicir, a renuncia ao tempo familiar é algo que non se paga, e en calquera caso a política ten unha parte preciosa, que é a intensidade que un lle pon na defensa dos intereses xerais da provincia, neste caso, do seu Concello, incluso dunhas siglas políticas que representou.

Polo tanto, desde o Grupo ao que representas, moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. García Seoane

Eu e Julio somos vellos coñecidos, algúns din os alcaldes que máis tempo levan na comarca, en gran parte da provincia, e teño que recoñecer o que dicía antes Agustín, teño que recoñecer que Julio é un político que dificilmente podes enfrontarte a el dunha forma agre, porque Julio sempre tivo o sorriso, é unha habilidade política que tiña, foi un político, nunca mellor dito, foi un político, que creo que fixo un bo servizo no seu Concello, pero máis que falar do seu concello quero falar da relación que tiven ao longo destes anos todos na Mancomunidade, no Consorcio, foi un

político de consenso, de intentar buscar solucións para todos, á marxe dos nosos concellos, buscar solucións que favoreceran a toda a comunidade, e sempre estivo aí, e a veces tivo moitos problemas porque dentro do seu mesmo partido tiña os inimigos, entre comiñas. Recordo naquel entón Paco Vázquez non era o que máis brindaba que Julio puidera facer unha política do PSOE dentro da área metropolitana, por tanto sei o que tivo que pasar nese aspecto, e xa digo, foi moi positivo estes anos todos desde 2001, que creamos o Consorcio, demostrouse que é posible que concellos de distinto signo, concellos de distinto signo político, do PP, do PSOE, do Bloque, independentes, etc., que puideramos convivir e levar cousas adiante. Creo que se debía de aprender moito dese traballo, e xa digo, foi posible porque houbo un trío dalgún modo que era el, era eu, era un alcalde que houbo do PP no seu día, que foi Manolo Pose, moi importante nese aspecto, e logo veu o actual que está de presidente do Consorcio, tamén dialogante, e foi posible a veces dicir que case nunca votabamos, que era por unanimidade, e diso é do que hai que aprender, do que eu dicía antes na miña intervención respecto dos montes, diso é do que hai que aprender en política, e xa digo, Julio foi clave, porque había un sector, case sempre maioritario do Partido Socialista, que el soubo encarrilar a pesar de. Polo tanto, eu dicíalle este día, cando me comentou, “que vai ser certo, se non tes os anos para xubilarte, espera un ano máis”, e dixo “non, non, voume, estou canso”.

Creo que a comarca lle debe algo e creo que tamén no seu municipio é admirado, cónstame que os veciños de Culleredo o queren, e polo tanto, desexarlle, retirar non se vai retirar, vai andar ao seu aire por aí, pero que viva o máis feliz posible despois destas lousas todas que nos carga a política, que ás veces non nos enterran porque non nos deixamos enterrar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Moi breve, tranquilo presidente, porque podería pedir que colgaran a súa camiseta, fano nos partidos de baloncesto, non o vou pedir oficialmente, pero simplemente recoñecer neste curto camiño que puidemos percorrer xuntos, tanto na relación na Deputación como a que puidemos ter a nivel municipal, recoñecer a túa valía, o teu diálogo, e todo o teu valor como concelleiro, como alcalde e como deputado provincial. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Eu teño que recoñecer que non coñecía a Julio Sacristán ata que cheguei aquí á Deputación, temos a mesma idade, polo tanto, envéxoo extraordinariamente, non sabe canto o envexo, e espero que lle vaia moi ben, que teña moita sorte, e seguro que nos veremos pronto nas viaxes do Imserso.

Sr. Requeira Varela

Eu creo que para o BNG, e no nome do BNG falo, pero tamén no meu propio, compartir estes dous anos e medio con Julio, xa naquelas primeiras conversas tamén no pacto de Goberno, ensinounos que estabamos diante dunha persoa que dignificaba a política, e que sempre buscaba tender as pontes necesarias e superar as discrepancias que puidera haber en calquera conversa, e polo tanto, para nós marcha un compañeiro, doutro signo político, co que temos, evidentemente,

discrepancias, pero co que tamén temos grandes batallas que dar en común. Creo que unha persoa que lle gusta a política e que ademais entende que a política é necesaria para avanzar as sociedades nunca se retirará totalmente, ao mellor pasa a outro plano, eu espero que no plano no que se sitúa agora Julio Sacristán sexa capaz de seguir contribuíndo ao benestar das persoas, que eu sei que así será, e sobre todo que teña moito máis descanso, moita máis relaxación, que utilice para satisfacer tamén as necesidades familiares, que as temos, que lle vaia todo moi ben na vida e que de vez en cando nos visite e que poidamos tomar un café. E para un grupo como o noso, que sempre defendeu e sigue defendendo que hai que dignificar o labor político, sexa cal sexa o signo da persoa que o desenvolva, porque consideramos que no Partido Popular, en Alternativa dos Veciños, na Marea Atlántica, Compostela Aberta, PSOE, BNG, ou calquera outra forza política, hai xente que se dedica realmente a facer política porque considera que o que defende é o mellor para a sociedade, e iso da lugar a que outros entendamos que ao mellor é outra cousa. Pero en todo caso tantos anos de dedicación eu creo que é algo que ten que recoñecer a sociedade, e como ben dixo o outro alcalde da súa área metropolitana, que seguramente coñece moito máis o labor de Julio durante todos estes anos, eu agardo que a sociedade saiba valorar na súa xusta medida todos estes anos de dedicación. Que vaia moi ben, podes vir tomar un café cada vez que nos visites. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Aínda que sei que Gelo vainos matar, unha proposta do interventor era que creáramos un senado provincial paralelo onde tiveran cabida os deputados eméritos.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días novamente compañeiros e compañeiras, a verdade é que teño que darvos as grazas polas vosas palabras, que case me fan emocionan.

Quero dicirvos unha cousa que eu na miña vida política, que foi moi dilatada, efectivamente son 34 anos dedicados á política e 9 ao ensino, a verdade é que o único que pretendín sempre foi intentar unir e non separar, intentar tender pontes, inclusive en moitas ocasións busquei acordos, dicíao Gelo, na área metropolitana, inclusive en contra, ás veces, dos propios intereses que podía ter nese momento o meu Concello, porque consideraba que era importante. Eu só creo nesa solidariedade, creo nese traballo conxunto, creo que lle dicía a Agustín antes que non nos poden separar cuestións nimias como poden ser estas no tema dos incendios, nun tema tan importante eu creo que temos que estar xuntos, eu sempre o fixen, sempre o pretendín, e marchou realmente cunha satisfacción, que creo que intentei sempre levarme ben coa xente, cos compañeiros e compañeiras, foran do meu partido ou foran doutro, pero intentar que sempre colaboráramos en sacar os temas adiante, porque os veciños e as veciñas son os que realmente saen beneficiados dese acordo, e non de perder, ás veces, moito tempo en discusións inútiles que non nos conducen a nada.

E dito isto, dicir tamén que marchou cunha satisfacción, porque hai trinta anos, Gelo, Tonecho, eu, fixemos unha manifestación para que os autobuses foran ao centro da cidade, cortáramos a Ponte da Pasaxe, etc., etc., de cada concello saíu unha manifestación pedindo iso, e hoxe por fin parece que imos conseguir, que vaian

ao centro, pasaron trinta anos para conseguir esa cuestión que eu espero que, evidentemente, continúe nesa liña, continúe para que realmente teñamos un transporte público á altura de calquera cidade hoxe moderna e europea e que ademais todos temos que facer un esforzo para que iso sexa posible.

Tamén teño que dicir que asistín, estiven dous anos nesta Corporación, na que fixemos unha cuestión que creo que é fundamental e que todos os concellos nos está agradecendo, que é o Plan único, a pesar de que ao principio había as súas dúbidas, sacamos o Plan de medio ambiente, que tamén é moi beneficioso para os concellos, e eu quero seguir animándoos, compañeiros e compañeiras, a que sigamos traballando nesa liña porque realmente esa liña é a que vai dignificar a Deputación e vai dignificar aos concellos, o saber antes de aprobar os orzamentos, que cantidades imos dispoñer, de verdade que afórranos moitísimo esforzo, moito traballo e moitas discusións, e axúdanos a planificar realmente os nosos concellos.

A todos e de todos estou agradecidísimo polo trato, eu vou xubilarme, evidentemente, son moitos anos na primeira liña, síntome esgotado, sobre todo dos últimos tres anos e, entón, serei un observador da política, efectivamente, eu son político e vou morrer político, independentemente de que non vou estar na primeira liña, estarei un pouco de observador, e si que intentarei achegar o meu graíño de area, pero desde a base, para todos.

Moitas grazas, encantadísimo de ter compartido con vosoutros estes dous anos, moitas grazas presidente por darme a oportunidade de ser voceiro e de ter participado contigo no deseño dalgunhas desas políticas. E aos funcionarios, evidentemente, teño que agradecerlles que sempre se portaron comigo extraordinariamente e non podo deixar de felicitar a todos. Moitas grazas.

(Aplausos)

A continuación vótase a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente vótase a moción, e apróbase tamén por unanimidade a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE RENUNCIA DE DEPUTADO PROVINCIAL

Don Bernardo Fernández Piñeiro, portavoz suplente do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial **don Julio Sacristán de Diego**, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da Deputación o día 25 de outubro de 2017, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Julio Sacristán de Diego**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a dona Patricia Blanco Fidalgo**, terceira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español no partido xudicial da Coruña nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, tendo en conta que os dous primeiros suplentes perderon por renuncia a condición de concelleiros dos seus respectivos concellos e que, por tanto, non poden adquirir agora a condición de deputados provinciais.”

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e dezaioito minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.